4

Calidade de vida e benestar social

4.1. Saúde

4.2. Pobreza e cohesión social

4.3. Cobertura social

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

4.5. Ocio e cultura

4.1.

Saúde

O obxectivo deste capítulo é analizar o sistema sanitario e a saúde da poboación en Galicia, así como o acceso da mesma aos servizos sanitarios. Para levar a cabo dita análise, distínguese entre indicadores de saúde propiamente ditos, indicadores de centros sanitarios, as doazóns e transplantes e, por último, os indicadores de gasto sanitario público.

O punto de partida do mesmo ten de ser a análise dos recursos monetarios destinados nas partidas orzamentarias. O crédito establecido nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2019 para sanidade é de 3.782,3 millóns de euros, un 3,2% superior ao orzamento homoxeneizado co ano anterior, incremento que supera á taxa de variación interanual estimada do PIB galego no ano 2018. Se se considera un horizonte temporal máis amplo, o descenso dos recursos económicos dedicados ao sistema galego de saúde como consecuencia do impacto da crise económica (-1,1% de media anual acumulativa entre os anos 2008 e 2014) é superado polo incremento experimentado a partir de 2014 (3,2% de media anual dende ese ano ata o 2019), de tal xeito que o orzamento inicial dedicado en 2019 é un 9,5% superior ao dedicado en 2008.

Na clasificación dos bens públicos de carácter social a sanidade acolle o 58,9% dos créditos totais, porcentaxe similar á do ano anterior. No que atinxe á distribución do gasto nos cinco programas integrados dentro da función 41.- Sanidade, o **cadro 4.1.2.** mostra que o orzamento para os programas de Atención especializada e primaria, programas 412A e 412B, acenden a 2.551,7 e 1.248,5 millóns de euros para o ano 2019, o que representa en conxunto en torno ao 95% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

No que respecta á distribución dos gastos sanitarios, a atención especializada concentra o 64% dos orzamento inicial, 7,7 puntos por riba do rexistrado en 2008, por diante da atención primaria, cun 31,3%, seis puntos e medio por baixo respecto a 2008. O obxectivo de acadar un envellecemento saudable está cada vez máis presente nas políticas sanitarias e por tanto nos orzamentos e nos recursos destinados a acadar o dito obxectivo, como o reflicte o feito de que o programa de gasto 413A.- Protección e promoción da saúde, aumenta significativamente a súa dotación dende o ano 2015, pasando de 55,7 millóns de euros no ano 2015, a 76 millóns de euros de crédito no orzamento inicial

Orzamento de gastos da Administración Xeral 2018-19. Produción de bens públicos de carácter social (1)

	2018	2019	19/18
	(en miles de €)		*(%)*
Total	6.210.899	6.422.307	3,4
4.1Sanidade	3.664.935	3.782.335	3,2
4.2 Educación	2.271.339	2.351.577	3,5
4.3 Cultura	69.722	71.990	3,3
4.4 Deportes	21.946	24.259	10,5
4.5 Vivenda	77.714	83.519	7,5
4.6 Outros servizos comunitarios e sociais	105.243	108.627	3,2

(1) Orzamento homoxeneizado 2018
Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.1.

Orzamento consolidado dentro da función 41.- Sanidade. Distribución por programas (1)

	2008	2014	2016	2017	2018	2019	19/18
			(en miles de euros)				
41.- Sanidade	3.638.875,8	3.397.079,8	3.511.530,7	3.611.491,9	3.858.817,0	3.985.498,2	3,3
411A.- Dirección de servizos xerais de sanidade	88.834,8	78.021,2	50.528,3	53.963,0	53.761,0	56.756,7	5,6
412A.- Atención especializada	2.050.909,8	2.047.271,8	2.203.733,9	2.274.712,6	2.466.538,0	2.551.665,2	3,5
412B.- Atención primaria	1.376.557,4	1.169.288,9	1.141.607,7	1.163.662,3	1.213.672,0	1.248.465,2	2,9
413A.- Protección e promoción da saúde pública	78.048,7	56.744,7	67.811,9	69.878,9	74.302,0	75.953,6	2,2
414A.- Formación de graduados e postgraduados	44.525,1	45.753,2	47.849,0	49.275,0	50.544,0	52.657,4	4,2

(1) Datos extraidos dos orzamentos do ano de referencia
Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.2.

do ano 2019 (78 millóns en 2008). En termos relativos, dende o ano 2008 o programa que presentou o maior incremento foi o relativo á atención especializada, cunha medra do 24,4%, reducíndose un 9,3% o gasto dirixido á atención primaria entre os orzamentos iniciais de 2008 e 2019.

Indicadores de saúde

A estrutura e a evolución demográfica dun territorio condicionan as necesidades sanitarias do mesmo. O envellecemento da poboación en Galicia deriva en índices de vellez, envellecemento, sobreenvellecemento e dependencia moi elevados, superiores á media estatal, o que comporta un maior gasto sanitario per cápita, que aumenta exponencialmente coa idade.

Nos datos expostos no **cadro 4.1.3.**, obsérvase que o 24,9% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2018 tiña 65 anos ou máis, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 19,1%. O índice de envellecemento, que relaciona a poboación de 65 anos e máis con respecto a cada 100 persoas menores de 20 anos, mostra tamén un incremento, de xeito que no ano 2018 en Galicia residen 157 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 20, mentres que no conxunto de España este indicador sitúase en 97.

A taxa de dependencia, índice demográfico que expresa a relación existente entre a poboación dependente (menor de 16 e maior de 64 anos) e a poboación produtiva (de 16 a 64 anos) da que aquela depende, ten unha gran transcendencia nas previsións orzamentarias para gastos sociais en xeral e sanitarios en particular. A

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2017-18

	2017				
	Galicia				España
	Total	ZDP	ZIP	ZPP	
Poboación	2.708.339	987.412	993.473	727.454	46.572.132
menor de 15 anos	323.671	125.365	133.397	64.909	6.963.700
menor de 20 anos	428.964	165.129	176.269	87.566	9.179.496
entre 15 e 64 anos	1.718.729	638.050	652.413	428.266	30.844.228
65 e máis anos	665.939	223.997	207.663	234.279	8.764.204
85 e máis anos	116.734	36.918	33.050	46.766	1.404.112
Índices (1)					
vellez	24,6	22,7	20,9	32,2	18,8
envellecemento	155,2	135,6	117,8	267,5	95,5
sobreenvellecemento	17,5	16,5	15,9	20,0	16,0
dependencia xeral	57,6	54,8	52,3	69,9	51,0
dependencia xuvenil	18,8	19,6	20,4	15,2	22,6
dependencia senil	38,7	35,1	31,8	54,7	28,4
de recambio	1,64	1,57	1,39	2,24	1,16

	2018				
	Galicia				España
	Total	ZDP	ZIP	ZPP	Total
Poboación (1)	2.701.743	988.028	994.180	719.535	46.722.980
menor de 15 anos	322.943	125.475	132.832	64.636	6.934.897
menor de 20 anos	429.134	165.991	176.109	87.034	9.188.211
entre 15 e 64 anos	1.705.870	634.483	649.961	421.426	30.879.932
65 e máis anos	672.930	228.070	211.387	233.473	8.908.151
85 e máis anos	122.105	38.891	34.784	48.430	1.458.311
Índices (2)					
vellez	24,9	23,1	21,3	32,4	19,1
envellecemento	156,8	137,4	120,0	268,3	97,0
sobreenvellecemento	18,1	17,1	16,5	20,7	16,4
dependencia xeral	58,4	55,7	53,0	70,7	51,3
dependencia xuvenil	18,9	19,8	20,4	15,3	22,5
dependencia senil	39,4	35,9	32,5	55,4	28,8
de recambio	1,65	1,56	1,41	2,28	1,17

(1) Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).
(2) notas sobre os índices
vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;
envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;
sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;
dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
de recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, *Padrón municipal*

4.1.3.

Defuncións en Galicia e España 2016-17: distribución segundo causa

	Total	Infecciosas e parasitarias	Tumores	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio	Sistema dixestivo	Outras causas
				2016			
Galicia	31.757	400	8.705	9.971	3.448	1.463	7.770
A Coruña	12.575	180	3.585	4.073	1.330	549	2.858
Lugo	5.194	62	1.253	1.744	530	243	1.362
Ourense	4.666	53	1.149	1.490	555	248	1.171
Pontevedra	9.322	105	2.718	2.664	1.033	423	2.379
España	410.611	7.033	112.939	119.778	46.812	20.096	103.953
				2017			
Galicia	31.962	433	8.692	9.677	3.978	1.473	7.709
A Coruña	12.657	163	3.441	3.982	1.516	585	2.970
Lugo	5.174	72	1.260	1.696	616	215	1.315
Ourense	4.693	69	1.183	1.395	680	226	1.140
Pontevedra	9.438	129	2.808	2.604	1.166	447	2.284
España	424.523	6.819	113.266	122.466	51.615	20.447	109.910

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.4.

medida que se incrementa esta taxa, aumenta a carga que supón para a parte produtiva da poboación manter á parte economicamente dependente. A taxa de dependencia aumenta en Galicia en maior medida que no conxunto do Estado, acadando en España un valor de 51,3% fronte ao 58,4% que acada en Galicia.

O devandito **cadro 4.1.3.** amosa como as zonas pouco poboadas (ZPP) de Galicia presentan unha taxa de dependencia moi superior á media galega e estatal, situándose no último ano en 70,7%. As máis reducidas rexístranse nas denominadas zonas intermedias de poboación, con 53%, situándose esta porcentaxe no 55,7% no caso das zonas densamente poboadas.

Entre as diversas causas que determinan a deriva demográfica en Galicia e o envellecemento da súa poboación, está, sen lugar a dúbida, o saldo vexetativo negativo. No ano 2017 (último dato dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 18.445 nacementos, un 3,2% menos que no ano anterior, e 31.962 falecementos, un 0,6% máis que no ano precedente. Tras esta evolución, Galicia mantense como a Comunidade Autónoma co saldo negativo máis elevado, ao situarse en –13.517 fronte aos –12.695 do ano anterior.

En termos relativos, a taxa bruta de mortalidade situouse en Galicia nas 1.182 defuncións por cada 100.000 habitantes, o que a sitúa nese ano como a terceira Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada, tras Asturias (1.277 defuncións) e Castela e León (1.196 defuncións), lonxe das 907 defuncións por cada 100.000 habitantes de media no conxunto do Estado. O elevado envellecemento da poboación en Galicia condiciona a súa elevada taxa bruta de mortalidade. Para corrixir este efecto, calcúlanse as taxas de mortalidade estandarizadas que representan a mortalidade das Comunidades Autónomas se todas tiveran a mesma composición de idade. Neste caso, Galicia situaríase en 2016 nunha posición intermedia con 837,13 falecementos por cada 100.000 habitantes, levemente por encima da media estatal que é de 833,46 defuncións.

Segundo sinala a Organización Mundial da Saúde (OMS), as principais causas de defunción varían entre os países en función do seu nivel de ingresos. Neste senso, máis da medade dos falecementos rexistrados nos países de ingresos baixos debéronse a enfermidades transmisibles, mentres que nos países de ingresos medios e altos a principal causa de morte son as enfermidade do sistema circulatorio, en concreto as cardiopatías e os accidentes cerebro vasculares. Galicia segue está tendencia e a principal causa de morte no ano

Defuncións 2017: distribución segundo causa e grupos de idade

	Total	grupos de idade			
		0-39	40-64	65-79	80 e máis
Todas as causas	31.962	346	3.447	6.764	21.405
Tumores	8.692	79	1.737	3.046	3.830
Tráquea, bronquios e pulmón	1.563	6	464	670	423
Colon	884	-	116	293	475
Páncreas	579	1	118	240	220
Próstata	531	-	27	143	361
Estómago	511	3	102	161	245
Mama	465	10	124	122	209
Enfermidades do sistema circulatorio	9.677	35	574	1.579	7.489
Cerebrovasculares	2.244	13	138	372	1.721
Outras enfermidades do corazón	2.179	5	118	364	1.692
Insuficiencia cardíaca	1.578	6	35	144	1.393
Outras enfermidades isquémicas do corazón	1.266	1	88	255	922
Infarto agudo de miocardio	1.004	9	147	249	599
Hipertensivas	876	-	10	85	781

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.5.

Defuncións segundo a causa da morte 2017

	Galicia	Galicia/España (%)
Causas externas de mortalidade	1.158	7,3
Accidentes de tráfico	136	7,0
Outros accidentes de transporte	22	11,1
Caídas accidentais	397	13,0
Afogamento, sumersión e sofocación accidentais	91	2,9
Accidentes por lume, fume e sustancias quentes	14	7,1
Envenenamento accidental por psicofármacos e drogas de abuso	28	3,7
Outros envenenamentos accidentais	9	5,3
Outros accidentes	108	5,5
Suicidio e lesións autoinflixidas	323	8,8
Agresións (Homicidio)	13	4,0
Eventos de intención non determinada	3	6,3
Complicacións da atención médica e cirúrxica	2	0,7
Outras causas externas e os seus efectos tardíos	12	13,3

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.6.

2017 segue correspondendo ao grupo das enfermidades do sistema circulatorio (**cadro 4.1.4.**), que provocan o 30,3% das defuncións, seguidas dos tumores e das enfermidades do sistema respiratorio, que causan o 27,2% e o 12,4% dos decesos, respectivamente. Tal como se sinalou anteriormente, dentro do grupo de enfermidades do sistema circulatorio, as enfermidades cerebro vasculares son as que se sitúan en primeiro lugar no número de defuncións. Entre os tumores, os responsables de maior mortalidade foron o cancro de traquea, bronquios e pulmón, seguido do cancro de colon (**cadro 4.1.5.**).

Dentro das denominadas causas externas de morte, entendidas como aquelas que teñen a súa orixe en accidentes, violencia, acontecementos ambientais, envenenamento e outras efectos adversos, **cadro 4.1.6.**, en Galicia destacan por número de decesos, as caídas accidentais con 397 defuncións por esa causa, o 13% do total estatal, e os suicidios e lesións autoinfrinxidas con 323 defuncións no ano 2017, último dispoñible, o 8,8% do total estatal (9,5% no ano anterior).

Os datos do Consejo General do Poder Judicial amosan, **cadro 4.1.7.**, que o 74,9% dos suicidios rexistrados en

Suicidios segundo sexo e Comunidade Autónoma de residencia 2016-17

	2016			2017		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Andalucía	528	140	668	506	186	692
Aragón	85	28	113	73	27	100
Asturias	94	40	134	91	43	134
Baleares	67	25	92	71	32	103
Canarias	143	40	183	147	53	200
Cantabria	32	9	41	18	9	27
Castela e León	161	54	215	155	63	218
Castela-A Mancha	113	22	135	126	31	157
Cataluña	355	155	510	374	130	504
C. Valenciana	255	81	336	280	117	397
Estremadura	66	16	82	61	16	77
Galicia	235	103	338	242	81	323
Madrid	218	87	305	251	90	341
Murcia	93	26	119	82	16	98
Navarra	34	17	51	39	9	48
País Vasco	132	47	179	136	46	182
A Rioxa	19	9	28	20	5	25
Ceuta e Melilla	5	1	6	4	1	5
Estranxeiro	27	7	34	42	6	48
Total	2.662	907	3.569	2.718	961	3.679
Galicia / España (%)	8,8	11,4	9,5	8,9	8,4	8,8

Fonte: Consejo General del Poder Judicial, Estadísticas Judiciales

4.1.7.

Galicia corresponden a homes fronte ao 25,1% restante, entre as mulleres, situándose estas porcentaxes no conxunto do Estado no 73,9% e 26,1%, respectivamente. Atendendo á desagregación segundo os distintos grupos de idade, o maior número de casos corresponde ás persoas cunha idade comprendida entre 50 e 54 anos, con 34 suicidios, seguido polas persoas entre 55 e 59 e 80-84, con 31 casos cada grupo. Esta mesma situación acontece no caso dos homes, en tanto que no caso das mulleres, o grupo de idade que presenta o maior número de suicidios é o de 75-79 anos, por diante do grupo de persoas de 70 a 74 anos.

No que atinxe á saúde materno-infantil, no ano 2017 descende de xeito significativo a taxa de mortalidade infantil, acadando en Galicia as 2,22 defuncións por cada mil nacidos vivos fronte ás 3,15 defuncións do ano anterior. A diferenza do que acontecera nos dous anos anteriores, a taxa de mortalidade infantil en Galicia é inferior á media estatal, que no ano 2017 foi de 2,72 falecementos por cada mil nacidos vivos. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, tras este descenso Galicia pasou de ser a terceira cunha maior taxa no ano 2017 á terceira coa menor taxa de mortalidade infantil, superada tan só por Navarra (2,09) e Cantabria (2,19).


En relación á taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE), o número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos descendeu en Galicia no ano 2017 (último dato dispoñible) ata as 6,51 interrupcións. Este datos sitúa á Comunidade Autónoma como unha das CC.AA. coa taxa máis reducida, tan só por detrás de Estremadura, A Rioxa e Castela e León, acendendo a taxa media no conxunto do Estado ata as 10,51 interrupcións.

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2017, rexistráronse en Galicia 104 novos casos de SIDA (131 no ano anterior). O total de casos diagnosticados en Galicia dende o ano 2004, primeiro que aporta datos, é de 2.637, o 5,6% do total estatal.

No concernente aos problemas de saúde crónicos máis frecuentes, o **cadro 4.1.8**. reflicte a porcentaxe de poboación de 15 e máis anos que declara ter padecido estes problemas e que foron diagnosticado por un médico é superior en Galicia que no conxunto do Estado en todos os problemas considerados. Nos casos da hipertensión (24,2%), colesterol alto (26,1%) e alerxia

Principais problemas crónicos de saúde en Galicia e España 2017

(% de poboación de 15 e máis anos que declara telos parecido nos últimos doce meses e diagnosticados por un médico)



Fonte: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social

4.1.8.

(20,9%), Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de persoas que padecen este problema, situándose en segundo lugar tras Asturias no relativo ao dolor lumbar (27,6%), artrosis (25,9%) e saúde mental (16,2%).

Por contra, fronte aos devanditos problemas crónicos más frecuentes os indicadores relativos ao consumo de alcohol, cannabis ou o tabaco presentan mellores resultados en Galicia que en España. Dunha banda, no ano 2017, último dato dispoñible, o 24,8% da poboación galega de 15 ou máis anos consume alcohol alomenos unha vez por semana fronte ao 36,5% no conxunto do Estado. Doutra, a porcentaxe de persoas de 15 ou máis anos que se declara fumadora ascende en Galicia ata o 17,8% fronte ao 22,1 en España, en tanto que a porcentaxe de poboación de 15 a 64 anos que recoñece consumir cannabis no último ano é do 9,3% en Galicia fronte ao 11% en España.

Finalmente, outro indicador de saúde é a sinistralidade, tanto provocada por accidentes laborais como de tráfico. Tras o descenso experimentado en Galicia no ano 2017, o número de vítimas mortais en estradas experimenta en 2018 un importante incremento. O número total de persoas falecidas na Comunidade galega nas 24 horas seguintes ao accidente mortal ascendeu en 2018 ata as 104, 28 persoas máis que no ano anterior, o que contrasta co descenso producido no conxunto do Estado (18 persoas falecidas menos). Tras esta evolución, as estradas galegas concentraron o 8,8% do total de vítimas estatais, situándose como a quinta Comunidade Autónoma con maior número de vítimas tras Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana e Castela e León.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.3.10.** *[Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2017-18: distribución segundo a gravidade e sector económico]* reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia aumentou no último ano un 2,4% para situarse nos 27.941 accidentes. En termos relativos, o índice de incidencia descendeu en Galicia dende os 3.399 accidentes por cada 100.000 traballadores afiliados con continxencia de traballo cuberta de 2017 ata os 3.374 accidentes en 2018.

Indicadores de centros sanitarios

Os datos do *Barómetro sanitario* de 2018 publicado polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social reflicten unha valoración positiva do sistema sanitario

Centros sanitarios 2018: distribución provincial e segundo EOXI (1)

	Atención primaria			Atención Especializada	
	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais	Número total de hospitais	Hospitais dependencia funcional Sergas
A Coruña	93	133	29	13	5
EOXI A Coruña	36	59	12		
EOXI Ferrol	20	25	5		
EOXI Santiago	37	49	12		
Lugo	67	73	12	5	3
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	67	73	12		
Ourense	92	100	9	5	3
EOXI Ourense-Verín-O Barco	92	100	9		
Pontevedra	61	92	18	14	3
Adscritos a Santiago	9	12	2		
EOXI Pontevedra-Salnés	26	36	8		
EOXI Vigo	26	44	8		
Total	313	398	68	37	14

(1) EOXI: Estrutura Organica de Xestión Integrada
[consulta: 09-01-2019)
Fonte: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social

4.1.9.

galego, acadando unha puntuación de 6,43 puntos sobre 10. Este grado de satisfacción é máis elevado no caso das consultas de atención primaria, con 7,47 puntos, que no caso das consultas de atención especializada (6,59 puntos) e nas urxencias hospitalarias (6,03 puntos). Comparado co conxunto do Estado, o grao de satisfacción do sistema sanitario é superior en España, que presenta unha puntuación de 6,57 puntos sobre 10, situándose ademais por riba no caso da atención especializada, cunha valoración de 7,31 puntos. Por contra, a valoración da atención primaria en Galicia é superior á media estatal, onde se puntúa con 7,31 puntos fronte aos devanditos 7,47 na Comunidade Autónoma.

Non obstante, a pesar desta menor valoración relativa, cómpre resaltar que a porcentaxe de cidadáns que manifestan que o sistema sanitario galego funciona ben ou bastante ben aínda que necesite algúns cambios ascende ata o 70,2%, tres décimas máis que o sinalado no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 68,3% no conxunto do Estado.


Os principais problemas que teñen de ser solucionados en opinión dos galegos son os das listas de agarda para seren atendidos, citadas polo 85% dos entrevistados, e a masificación (conxestión) das urxencias dos hospitais, citado polo 59,9%, situándose en ambos os dous casos por baixo da media estatal, que se sitúa no 86,8% e 67,7%, respectivamente. A continuación situaríanse o pouco tempo que se lle dedica aos pacientes nas consultas e o copago de medicamentos, cun 40,9% e 37,8%, porcentaxes neste caso superiores aos rexistrados para o conxunto do sistema sanitario español (citados polo 38,8% e 36,4% dos entrevistados).

Os datos de centros sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos referidos a recursos materiais e humanos, como os reflectidos nos datos de volume e tempo de agarda nas listas de espera, son un indicador básico do funcionamento do sistema sanitario.

A estrutura organizativa do sistema galego de saúde divídese en áreas de xestión integradas, que á súa vez se subdividen en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria. Como se reflicte no **cadro 4.1.9.**, Galicia conta con sete áreas de xestión integrada que se encargan da xestión das 11 áreas sanitarias.

No que respecta aos distintos niveis de atención, o nivel

Camas nos hospitais galegos 2008-18 (1)



(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior
Fonte: IGE

4.1.10.

asistencial que representa a entrada ao sistema sanitario é a atención primaria, sendo os centros de saúde os dispositivos asistenciais principais. Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, Galicia conta con 398 centros de saúde e 68 consultorios locais. En canto á atención especializada, que se presta en centros de especialidade e en hospitais, Galicia dispón de 37 hospitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde.

Tal como se observa no **gráfico 4.1.10.**, no último ano aumenta o número de camas instaladas nos hospitais galegos, de xeito que a 31 de decembro de 2017 existían un total de 9.861 camas instaladas, 103 máis que no ano anterior, o que representa 3,65 camas por cada mil habitantes.


Dentro dos indicadores que permiten valorar o funcionamento do sistema sanitario, é fundamental ter en conta o concernente aos recursos humanos. Segundo os datos publicados polo IGE, o número de profesionais integrados no modelo de atención primaria do Sergas a 31 de decembro de 2017 ascendía a 7.424 persoas, das que 2.595 son médicos e 2.168 ATS-DUE. En termos relativos, tal como se mostra no **gráfico 4.1.11.**, Galicia conta con 2,74 profesionais de atención primaria por casa 1.000 habitantes, e un pediatra por cada 1.000 nenos menores de 14 anos.

No último ano exerceron en Galicia 450,6 médicos e 525,1 profesionais de enfermería por cada 100.000 habitantes, **cadro 4.1.12.**, por debaixo en ambos casos da media estatal, que se sitúa en 477 médicos e 560,3 enfermeiros/as por cada 100.000 habitantes.

Os datos presentados nos **cadros 4.1.13.** e **4.1.14.** rexistran o número de profesionais en atención primaria e especializada en termos de medias diarias o que permite evitar o sesgo provocado pola estacionalidade das contratación en períodos onde se incrementan as patoloxías ou en períodos vacacionais. En 2017 de media en Galicia exercen diariamente 2.558 médicos de familia e 2.568 enfermeiros/as. No que respecta á atención especializada, o persoal facultativo exercendo diariamente de media foi de 4.901 persoas, e 1.399 facultativos en formación.

Un dos obxectivos prioritarios a acadar no ámbito sani-

Persoal sanitario 2009-17 (1)



(1) datos a 31 de decembro de cada ano.
(2) Non existen datos de número de pediatras nin de profesionais de atención primaria para os anos 2009 e 2011. Co obxecto de non distorsionar o gráfico e dada a estabilidade da serie tomamos para os anos 2009 e 2011 os datos rexistrados no ano anterior

Fonte: IGE

4.1.11.

Persoal sanitario colexiado (non xubilado) nas CC.AA. 2018

	Médicos	Enfermeiros	Enfermeiros-especialidade matrona	Dentistas	Farmaceúticos
	(colexiados por 100.000 habitantes)		*(colexiados por 100.000 mulleres entre 15 e 49 anos)*	*(colexiados por 100.000 habitantes)*	
Andalucía	405,7	428,5	60,9	71,1	137,3
Aragón	557,7	562,1	72,9	67,6	122,7
Asturias	519,0	661,8	45,7	81,0	125,5
Baleares	430,3	533,9	75,0	66,0	105,0
Canarias	448,2	278,8	21,4	61,1	130,7
Cantabria	531,9	642,3	117,5	71,5	117,0
Castela e León	502,3	696,3	103,6	62,3	156,2
Castela-A Mancha	377,8	574,8	66,4	48,7	129,3
Cataluña	476,3	617,3	59,1	74,7	139,7
C. Valenciana	438,4	515,8	72,6	80,2	142,7
Estremadura	464,1	676,8	74,2	53,7	142,8
Galicia	450,6	525,1	67,7	78,2	167,7
Madrid	602,7	667,4	82,7	126,0	195,2
Murcia	450,9	443,2	79,2	76,3	112,4
Navarra	541,7	864,0	116,9	58,8	213,5
País Vasco	548,1	760,6	126,9	84,5	145,8
A Rioxa	455,1	-	-	71,7	136,3
Ceuta	360,1	641,6	104,5	44,6	103,2
Melilla	316,8	691,1	134,2	49,3	97,4
Total	477,0	560,3	71,0	79,1	147,4

Fonte: INE, *Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados*

4.1.12.

Recursos humanos en atención primaria 2018: distribución por categoría profesional(1)

	Profesionais
Celador/a	404
Condutor/a	28
Costureiro/a	1
Electricista	4
Enfermeiro/a	2.568
Enxeñeiro/a Técnico/a	3
Facultativo/a Esp. Area	2
Farmacéutico/a A.P.	75
Fisioterapeuta	158
Grupo Admvo. Función Admva.	25
Grupo Auxiliar Función Admva.	371
Grupo Técnico Función Admva.	21
Grupo Xestión Función Admva.	23
Lavandeiro/a	2
Limpiador/a	6
Matrón/a	158
Mecánico/a	1
Médico de Familia	2.558
Odontólogo/a A.P.	112
Pasador/a de Ferro	3
Pediatra A.P.	292
Persoal Servizos Xerais	1.114
P.Tec.Sup. Preven. Riscos Lab.	1
Tec. Coidados Aux. Enfermaría	274
Técnico/a de Saúde de A.P.	7
Técnico/a Esp. Sistemas e T.I	8
Técnico/a Xestion Sistemas TI	6
Técnico Superior Especialista	102
Telefonista	9
Traballador/a Social	78
Xefe/a Taller	1
Total	8.415

(1) medias diarias
Fonte: SERGAS, *Recursos humanos*

4.1.13.

Atención especializada 2014-18 (1): evolución do persoal facultativo e do persoal en formación

	2014	2015	2016	2017	2018
Persoal facultativo	4.617	4.653	4.757	4.835	4.901
Persoal en formación (2)	1.064	1.048	1.029	1.371	1.399


(1) medias diarias
(2) inclúe a licenciados e diplomados sanitarios en AE e AP
Fonte: SERGAS, *Recursos humanos*

4.1.14.

Lista de espera estrutural cirúrxica 2018 (1)

	Total	0-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	máis 12 meses	Tempo medio de espera *(en días)*
Total centros Sergas	32.176	25.845	5.199	1.083	49	60,6
EOXI A Coruña	7.411	5.456	1.524	431	-	69,3
EOXI Santiago	6.201	4.743	1.433	25	-	61,9
EOXI Ferrol	1.490	1.400	90	-	-	39,2
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	3.701	3.447	254	-	-	44,8
EOXI Ourense-Verín-Barco	3.001	2.849	152	-	-	40,4
EOXI Pontevedra-Salnés	3.003	2.899	104	-	-	39,8
EOXI Vigo	7.369	5.051	1.642	627	49	79,8
Hospital Povisa	3.196	2.153	1.018	24	1	71,6

Tempo medio de espera 2008-18 (2)



(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles.
(2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.15.

tario é a redución das listas de agarda e do tempo medio que teñen que agardar os pacientes para ser operados. Segundo os datos do Servizo Galego de Saúde (Sergas), a lista de agarda estrutural cirúrxica, incluíndo o H. Povisa, ascendía a 35.372 persoas no ano 2018, 763 persoas menos que no ano anterior; reducíndose o tempo medio de agarda dende os 66,4 días no ano 2017 ata os 60,6 días de 2018 (entre os anos 2011 e 2014 este tempo de agarda superaba os 80 días).

Das devanditas 35.372 persoas, o 79,2% dos doentes teñen que agardar menos de tres meses para operarse, fronte ao 17,6% correspondente a un tempo de tres a seis meses e o 3,2% restante a persoas que esperan máis de seis meses (**cadro 4.1.15.**).

Dos 32.176 doentes inscritos na lista estrutural cirúrxica dos hospitais propios do Sergas, o 28,9% son da especialidade de traumatoloxía, descendendo a súa espera media ata os 75,2 días (85,1 días no ano anterior). Cómpre tamén mencionar que o 21,1% e o 16,2 % deses pacientes teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e cirurxía xeral ou dixestiva, situándose a súa espera media nos centros do Sergas en 53,2 días e 51,8 días, respectivamente (57,2 e 56,7 días no ano precedente).

Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2018: distribución por servizos

	SERGAS			POVISA		
	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera
	total	0-3 meses	(en días)	total	0-3 meses	(en días)
Total especialidades	32.176	25.845	60,6	3.196	2.153	71,6
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.159	1.068	46,0	160	86	86,1
Cirurxía cardíaca	310	196	81,7	-	-	-
Cirurxía maxilofacial	292	218	65,6	325	231	70,8
Cirurxía pediátrica	680	556	61,1	-	-	-
Cirurxía plástica e reparadora	1.004	714	69,8	206	153	63,9
Cirurxía torácica	115	108	35,7	-	-	-
Cirurxía xeral e dixestiva	5.217	4.427	51,8	469	310	68,8
Dermatoloxía	733	637	47,9	-	-	-
Neurocirurxía	483	379	56,1	46	34	59,2
Oftalmoloxía	6.785	5.897	53,2	846	572	74,1
Otorrinolaringoloxía	2.286	1.816	62,2	81	54	73,0
Traumatoloxía	9.285	6.618	75,2	799	505	74,9
Uroloxía	2.454	2.087	51,5	143	110	55,5
Xinecoloxía	1.373	1.124	56,2	121	98	62,2

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.16.

Lista de espera de consultas externas nos hospitais do Sergas 2018

	0 - 3 m	3 - 6 m	6 - 12 m	más 12 m	TOTAL	Tempo medio de espera
Alergoloxía	4.866	1.130	-	-	5.996	55,2
Anestesioloxía e reanimación	1.049	200	58	-	1.307	60,0
Anxioloxía e cirurxia vascular	2.713	618	-	-	3.331	56,0
Cardioloxía	5.509	246	-	-	5.755	39,7
Cirurxía cardíaca	22	-	-	-	22	20,7
Cirurxía maxilofacial	576	-	-	-	576	28,0
Cirurxía pediátrica	593	-	-	-	593	28,5
Cirurxía plástica e reparadora	854	79	-	-	933	45,6
Cirurxía torácica	42	-	-	-	42	9,8
Cirurxía xeral e dixestiva	6.611	155	-	-	6.766	34,6
Dermatoloxía	11.740	859	-	-	12.599	43,0
Dixestivo	5.123	-	-	-	5.123	33,9
Endocrinoloxía	2.631	-	-	-	2.631	30,6
Hematoloxía clínica	345	-	-	-	345	29,3
Medicina interna	1.374	-	-	-	1.374	21,4
Medicina nuclear	9	-	-	-	9	5,0
Nefroloxía	355	-	-	-	355	21,9
Neumoloxía	2.991	34	-	-	3.025	32,5
Neurocirurxía	1.742	254	-	-	1.996	48,0
Neuroloxía	7.598	584	-	-	8.182	44,8
Obstetricia	559	-	-	-	559	13,0
Oftalmoloxía	27.205	1.490	-	-	28.695	47,2
Oncoloxía médica	156	-	-	-	156	9,4
Otorrinolaringoloxía	10.432	-	-	-	10.432	33,8
Pediatría	3.768	261	-	-	4.029	43,4
Psiquiatría	7.316	751	58	-	8.125	44,8
Radioterapia	58	-	-	-	58	6,7
Rehabilitación	11.317	2.135	-	-	13.452	50,2
Reumatoloxía	2.982	3	-	-	2.985	36,1
Traumatoloxía	22.662	5.454	71	-	28.187	56,4
Uroloxía	6.274	315	-	-	6.589	38,5
Xeriatría	317	-	-	-	317	40,9
Xinecoloxía	8.535	230	1	22	8.788	37,0
Total	158.324	14.798	188	22	173.332	44,8

Fonte: SERGAS

4.1.17.


Lista de espera de probas diagnósticas nos hospitais do Sergas 2018

	0 - 3 m	3 - 6 m	6 - 12 m	más 12 m	TOTAL	Tempo medio de espera
Radioloxía	48.730	10.906	2.784	62	62.482	60,6
Medicina nuclear	79	3			82	29,0
Endoscopias	5.410	2.427	2.536	445	10.818	129,0
Electrofisioloxía	3.497	174	28	-	3.699	40,9
Estudos	3.515	972	474	87	5.048	78,9

Fonte: SERGAS

4.1.18.

Doantes por cada millón de habitantes en Galicia e España 2008-2018



Fonte: Organización Nacional de Trasplantes


4.1.19.

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), o tempo medio de espera nos hospitais do Sergas, a 31 de decembro de 2018, situouse nos 19,9 días (17,9 días no ano anterior), cumprindo polo tanto o obxectivo inicial, que estaba fixado en 30 días. De xeito contrario, non se acada o obxectivo establecido no caso das patoloxías de prioridade 2 (60 días) ao presentar un tempo de espera medio de 64,4 días (66,2 no ano precedente).

No concernente ás listas de agarda de consultas externas nos hospitais do Sergas, **cadro 4.1.17.**, a 31 de decembro de 2018 había un total de 173.332 persoas en lista de espera, o que supón un descenso de 1.921 persoas (1,1% menos). Así mesmo, o tempo medio de espera redúcese no último ano ata os 44,8 días fronte aos 46,6 días do ano anterior. As especialidades con maior número de persoas en lista de espera son as de oftalmoloxía e traumatoloxía, con máis de 28.ooo persoas cada unha, situándose a espera media en 47,2 días e 56,4 días, respectivamente. Xunto a traumatoloxía, as especialidades con maior tempo medio de espera son as de anestesioloxía e reanimación (60 días), anxioloxía e cirurxía vascular (56 días) e alergoloxía (55,2 días).

Respecto ás listas de agarda de probas diagnósticas, a radioloxía é a que presenta o maior número de persoas en lista de agarda, con 62.482, situándose o seu tempo medio de espera en 60,6 días. Séguelle en importancia

Gasto sanitario en euros por habitante en Galicia e España 2008-18



(Año 2018 provisional)
Fonte: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, *Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud*

4.1.20.

as endocopias, con 18.818 pacientes en lista de agarda, ascendendo o seu tempo medio de espera a 129 días.

No que respecta ás doazóns e transplantes, España volve a rexistrar en 2018 máximos históricos no que se refire ao número de doantes e transplantes de órganos sólidos, con 2.243 doantes e 5.318 transplantes. En termos relativos, España acada unha taxa de 48 doantes por millón de poboación fronte aos 46,9 do ano anterior. Galicia presenta tamén esta tendencia positiva, aumentando o número de doantes dende os 113 ata os 116 do último ano, o que supón 43 doantes por millón de poboación, fronte aos 41,9 doantes/mp do ano anterior.

Indicadores de gasto sanitario público

Tomando como referencia o orzamento inicial de gasto, Galicia presenta por cuarto ano consecutivo un incremento do seu gasto sanitario, que se sitúa en 3.861,4 millóns de euros, o quinto máis elevado de todo o Estado. Este importe representa o 6,3% do total estatal, porcentaxe superior ao peso relativo da poboación galega (5,8%). En relación ao ano anterior, este incremento foi do 6,8%, case tres puntos por riba da media española.

Este aumento do gasto sanitario xunto ao estancamento da poboación, repercute nunha nova medra do gasto medio por habitante. En termos por habitante, o gasto total ascendeu a 1.428,42 euros, superior ao gasto medio a nivel estatal que se sitúa en 1.311,93 euros. Ao longo do período 2008-2018 o gasto sanitario per cápita en Galicia sitúase por riba da media española, rexistrándose o diferencial máis acusado no último ano, con 116,49 euros (66,96 euros no ano anterior) (**cadro 4.1.20.**).

En 2018 rexistrouse un incremento do gasto público en farmacia a través de receitas oficiais facturadas. Tras unha medra do 2% respecto ao ano anterior, o gasto farmacéutico en Galicia situouse en 710 millóns de euros, o que se corresponde en grande medida a un aumento no número de receitas facturadas, un 1,2% máis que no ano precedente. Tras esta evolución o importe medio por receita ascende a 11,27 euros, un 0,7% máis que no ano anterior (**cadro 4.1.21.**).

Este aumento no gasto farmacéutico mantén a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis elevado, tras Andalucía, Cataluña, a Comunidade Valenciana e Madrid. Non obstante, en relación ao ano

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2018

	Gasto farmacéutico			Receitas facturadas			Gasto medio por receita facturada	
	2018	18/17	18/11 (1)	2018	18/17	18/11 (1)	2018	18/11
	(en millóns de euros)	*(%)*	*(%)*	*(nº)*	*(%)*	*(%)*	*(en euros)*	*(%)*
Andalucía	1.833,1	4,1	0,5	175.156.159	2,6	-2,1	10,47	1,55
Aragón	329,7	2,6	-6,0	26.064.473	-0,8	-11,4	12,65	3,43
Asturias	278,6	1,6	-12,1	21.748.735	0,4	-14,1	12,81	1,26
Baleares	206,2	3,0	0,9	17.716.500	1,5	-2,2	11,64	1,39
Cantabria	146,2	3,9	3,4	11.421.001	3,0	-1,9	12,80	0,87
Castela-A Mancha	511,0	3,3	-5,2	44.401.802	1,7	-3,6	11,51	1,59
Castela e León	609,4	2,8	-8,3	52.771.977	1,7	-1,9	11,55	1,05
Cataluña	1.458,4	2,6	-13,3	137.034.189	0,5	-11,3	10,64	2,11
Canarias	492,7	4,6	1,1	44.599.827	3,3	6,9	11,05	1,28
C. Valenciana	1.266,1	2,8	-10,0	108.408.506	2,6	-5,0	11,68	0,17
Estremadura	319,8	1,6	-2,9	26.720.589	1,3	-1,3	11,97	0,25
Galicia	710,0	2,0	-14,4	63.023.782	1,2	-5,5	11,27	0,71
Madrid	1.240,0	4,5	4,6	106.903.076	2,0	-2,8	11,60	2,38
Murcia	347,4	0,9	-9,9	30.666.798	1,6	-2,4	11,33	- 0,70
Navarra	136,7	2,1	-7,8	11.830.405	1,2	-3,8	11,56	0,96
País Vasco	487,2	0,6	-8,8	36.829.067	-0,2	-15,4	13,23	0,84
A Rioxa	73,0	2,5	-8,0	6.258.280	2,9	-1,7	11,66	- 0,34
Ceuta	15,9	3,0	10,7	1.290.244	2,7	5,1	12,35	0,24
Melilla	14,5	3,1	20,0	1.110.310	3,5	5,8	13,07	- 0,38
Total	10.476,0	3,0	-5,9	923.955.720	1,7	-5,1	11,34	1,34

(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmaceútica

Fonte: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, *Facturación de recetas médicas*

4.1.21.

2011, o gasto farmacéutico descendeu nun 14,4% en Galicia, a porcentaxe máis elevada de todas as CC.AA., 8,5 puntos porcentuais máis que na media do Estado. A reforma do modelo de prestación farmacéutica e as diversas medidas de eficiencia no gasto farmacéutico implantadas son factores que en grande medida contribuíron á redución do gasto sanitario. ❑

4.2.

Pobreza e cohesión social

O nivel de pobreza dun territorio vese influído pola incidencia de diferentes factores, entre os que se atopan non só os económicos senón tamén factores sociais e demográficos. Así, un dos indicadores máis salientables do grao de benestar social ven determinado pola forma en que se organizan as estruturas familiares en base ao número de persoas que perciben ingresos dentro da vivenda familiar. A *Enquisa de Poboación Activa* estima que no ano 2018 o 2,9% dos fogares galegos non dispoñían de ningunha persoa perceptora de ingresos (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego), e no 42% das vivendas só unha persoa percibía algún ingreso económico, sendo estas porcentaxes as máis reducidas dende o comezo da recuperación económica.

Por segundo ano consecutivo diminúe o número de fogares sen perceptores de ingresos, rexistrándose 2.900 fogares menos nesta situación que no ano anterior. Como reflicte o **cadro 4.2.2.**, esta redución é consecuencia fundamentalmente da evolución na provincia da Coruña, onde o número de fogares nesta situación redúcese en 3.700 vivendas, o que contrasta co incremento de 1.400 fogares rexistrado en Pontevedra. Tras esta evolución, o 3,9% dos fogares de Pontevedra non percibe ningún tipo de ingresos, rexistrándose a porcentaxe máis baixa en Lugo, cun 2,2%, por diante da Coruña, cun 2,4%.

Na mesma liña, A Coruña presenta o maior descenso do número de fogares cun só perceptor de ingresos, con 7.800 vivendas menos, rexistrándose un descenso de 3.200 fogares no caso da provincia de Pontevedra. As provincias con maior peso relativo de vivendas cun só perceptor de ingresos son Ourense e Pontevedra, co 45,1% e 42%, respectivamente, rexistrándose novamente as porcentaxes máis reducidas en Lugo, cun 40,4%, e na Coruña, cun 41,5%.

En 2018 hai en Galicia un total de 345.700 fogares nos que ningún dos seus membros ten a condición de activo, 500 máis que no ano anterior, o que representa o 31,8% do total dos fogares galegos. Nas 743.200 vivendas con polo menos un activo, en 59.200 fogares (o 8% deste tipo de fogares) todos os membros activos están parados, 8.300 fogares menos que no ano anterior.

O prezo dos insumos básicos inflúe tamén na existencia

Indicadores de pobreza en Galicia 2016-17

		Galicia	
		2016	2017
Taxa de risco de pobreza (1)	*(%)*	16,06	15,87
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) (2)	*(%)*	20,33	20,26
Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar (3)			
Fogar composto por unha persoa	*(euros)*	638,68	663,87
Fogar composto por dous adultos	*(euros)*	958,02	995,81
Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos	*(euros)*	1.341,23	1.394,13
Distribución entorno da renda baixa mediana (4)			
Taxa de risco de pobreza (40% da mediana)	*(%)*	5,18	5,13
Taxa de risco de pobreza (50% da mediana)	*(%)*	9,87	9,76
Taxa de risco de pobreza (70% da mediana)	*(%)*	24,22	24,13

(1) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes

(2) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:
- En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo)
- En carencia material severa
- Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.

(3) o limiar monetario de risco de pobreza é o produto do limiar de risco de pobreza de Galicia polas unidades de consumo de cada fogar.
As unidades de consumo de cada fogar constrúense asignando 1 ao primeiro adulto (persoa de 14 ou máis anos), 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos).

(4) a distribución entorno ao limiar da renda baixa é a porcentaxe de persoas que teñen uns ingresos equivalentes inferiores ao 40%, 50% e 70% da mediana de ingresos equivalentes

Data de consulta: 11-01-19

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE. *Enquisa estrutural a fogares*.

4.2.1.


Vivendas familiares 2014-18

	2014	2015	2016	2017	2018
			(miles de vivendas)		
			Total fogares		
Galicia	1.078,3	1.081,9	1.087,4	1.089,7	1.088,8
A Coruña	447,2	448,8	453,6	457,0	452,3
Lugo	137,2	136,5	134,2	134,6	136,1
Ourense	137,8	136,2	136,4	134,0	135,2
Pontevedra	356,0	360,4	363,2	364,1	365,3
			Fogares sen perceptores de ingresos		
Galicia	32,3	32,9	37,0	34,7	31,8
A Coruña	11,4	10,8	14,1	14,4	10,7
Lugo	3,6	3,0	3,8	3,2	3,0
Ourense	4,2	4,5	3,8	4,0	3,8
Pontevedra	13,1	14,5	15,3	13,0	14,4
			Fogares cun só perceptor de ingresos		
Galicia	458,1	467,3	468,6	464,7	457,4
A Coruña	193,5	194,5	195,1	195,7	187,9
Lugo	55,9	55,3	54,5	54,0	55,0
Ourense	61,2	61,2	62,3	58,4	61,0
Pontevedra	147,5	156,4	156,7	156,6	153,4

Fonte: IGE, *EPA*

4.2.2.

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-28 2008-17 (1)



(1) prezo base 2008=100
Fonte: EUROSTAT

4.2.3.

de situacións de carencia material. Neste senso, no ano 2018 obsérvase un novo repunte no prezo da enerxía eléctrica para os consumidores domésticos en España (**cadro 4.2.3.**) fronte ao leve descenso que se produce na UE. Este aumento contribúe a perpetuar en España prezos notablemente superiores da enerxía eléctrica que na media UE-28. Segundo a *Enquisa de presupostos familiares* publicada polo IGE, o peso relativo do gasto medio dos fogares galegos en electricidade, gas e outros combustibles continúa a súa tendencia descendente iniciada no ano 2013, de xeito que en 2017 (último dato dispoñible) os fogares galegos dedicaron o 3,9% do seu orzamento a este concepto de gasto (3,8% de media no conxunto do Estado). En termos absolutos, o gasto medio por fogar neste concepto foi de 1.052,73 euros (1.097,35 euros en España), o que supuxo un incremento do 0,6% respecto ao ano anterior fronte ao 4% de media no conxunto do Estado.

Outro determinante da pobreza e exclusión social é o aceso á unha vivenda, e, polo tanto, as dificultades para acometer os pagamentos de gastos relacionados coa vivenda principal, hipoteca ou aluguer. Asociado a estas dificultades, os datos do INE sobre vivendas con execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade aumentan de xeito significativo tanto no caso das vivendas novas como de segunda man. No ano 2018 iniciáronse en Galicia un total de 1.076 execucións hipotecarias sobre vivendas, (un 37,9% máis que no ano anterior), das que 144 corresponden a execucións sobre vivendas novas (87% máis) e 932 a vivendas de segunda man (32,6% máis). Neste último ano, o peso relativo das execucións galegas no total estatal foi do 4,2%, situándose esta porcentaxe no 2,7% no caso das vivendas novas e no 4,5% no das execucións en vivendas de segunda man.

Asemade, o **cadro 4.2.5.** reflicte que en case as tres cuartas partes dos casos o seu titular é unha persoa xurídica (74%), sendo esta relación do 65,6% no conxunto do Estado. Comparado co ano anterior, tanto en Galicia como en España aumentan as execucións hipotecarias

Gastos medios por fogar e distribución porcentual en Galicia e España 2017

	Galicia		España	
	(€)	(%)	(€)	(%)
Alugueres imputados de vivenda	5.063,99	18,8	5.627,06	19,3
Alimentos	3.887,19	14,4	3.806,51	13,0
Utilización de vehículos personais	2.325,35	8,6	2.101,54	7,2
Restauración e comedores	2.310,16	8,6	2.689,24	9,2
Vestido	1.248,83	4,6	1.141,15	3,9
Adquisición de vehículos	1.125,29	4,2	1.126,97	3,9
Electricidade, gas e outros combustibles	1.052,73	3,9	1.097,35	3,8
Seguros	951,02	3,5	1.015,06	3,5
Servizos postais, de telefonía e fax	770,79	2,9	839,93	2,9
Cuidado persoal	674,61	2,5	791,00	2,7
Subministro de auga e outros servizos relacionados coa vivenda	654,76	2,4	798,19	2,7
Alugueres reais de vivenda	596,97	2,2	1.004,84	3,4
Productos, aparatos e equipos médicos	577,73	2,1	599,98	2,1
Servizos recreativos, deportivos e culturais	450,78	1,7	539,90	1,8
Bens e servizos para o mantemento corrente do fogar	449,27	1,7	566,22	1,9
Total	26.962,72	100,0	29.188,19	100,0

Fonte: INE, Encuesta de presupuestos familiares.

4.2.4.

no caso das persoas xurídicas, descendendo por contra no das persoas físicas.

Segundo os datos do Consejo General del Poder Judicial, **cadro 4.2.6.**, o número de desafiuzamentos practicados por impago de aluguer ascende en 2018 a 1.248, o que representa o 3,3%, a porcentaxe máis baixa dende o ano 2013. Comparado co ano anterior, os lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos descende en Galicia un 24% (394 menos), o que contrasta co incremento do 4,5% rexistrado no conxunto do Estado.

• Pobreza

Outro indicador de pobreza que abarca máis variables ademais da desigualdade monetaria é o definido na Estratexia Europa 2020 que incorpora aspectos como a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. Este índice, denominado AROPE (At Risk Of Poverty and/or Exclusion), inclúe tanto as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria como os fogares con moi baixa intensidade de traballo –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a privación material severa –porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos; unha semana de vacacións fóra da casa; pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas...; una comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente ao menos cada dous días; manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno; lavadora; televisión en cor; teléfono; e coche.

Segundo a información facilitada na *Enquisa estrutural a fogares* elaborada polo IGE, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) permanece practicamente constante en Galicia, para situarse en 2017 no 20,26%. Como se reflicte no **cadro 4.2.7.**, a distribución provincial da pobreza non é homoxénea, presentando as provincias do norte de Galicia as taxa de risco de pobreza ou exclusión social máis reducidas, con taxas sensiblemente inferiores á media galega. Lugo mantense como a provincia coa taxa máis reducida (o 18,06% da poboación atópase en situación de risco ou exclusión social), por diante de A Coruña, cun 18,65%, situándose no último ano Pontevedra coa taxa máis elevada cun 22,46% (21,72% en Ourense).

Nunha análise xeográfica máis pormenorizada, **cadro 4.2.8.**, obsérvase que a área de Pontevedra sur, que engloba ás comarcas de A Paradanta, O Baixo Miño e O Condado, presenta unha taxa de pobreza superior a


Vivendas con execucións hipotecarias iniciadas 2017-18

	2017		2018	
	Galicia	España	Galicia	España
Nº total de fincas	1.835	53.010	1.972	53.857
Vivendas	780	27.719	1.076	25.903
Vivenda nova	77	4.750	144	5.252
Vivenda segunda man	703	22.969	932	20.651
Persoas físicas	328	14.422	280	8.912
Persoas xurídicas	452	13.297	796	16.991

Fonte: INE, Estadísticas sobre ejecuciones hipotecarias

4.2.5.

Lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos 2013-2018



Fonte: Consejo General del Poder Judicial

4.2.6.

30%, superando á área de Pontevedra, con 27,2%, e ás áreas de Caldas-O Salnés, O Carballiño-O Ribeiro e Ourense sur (comarcas de Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana), que superan o 25%. No extremo oposto, sitúanse a Mariña lucense, cunha taxa inferior ao 14%, a área de Santiago (A Barcala, O Sar e Santiago), cun 14,7%, e Ourense central (comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras), cun 15,4%.

Ao igual que acontece en termos territoriais, as variables demográficas tamén determinan a existencia de diferenzas no risco de pobreza. De xeito similar ao observado a nivel español ou europeo, a poboación entre 16 e 24 anos é a que rexistra unha maior incidencia, de xeito que en Galicia o 28,3% destas persoas estarían en risco de pobreza, sendo esta porcentaxe superior ao 23% para as persoas de entre 50 e 64 anos e os menores de 16 anos. Como se aprecia no **cadro 4.2.9.**, entre os meses de decembro de 2016 e 2017, a taxa de risco de pobreza e exclusión social aumenta entre as mulleres en todos os grupos de idade consi-

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2015-17 (1)

	2015	2016	2017
		(%)	
Total	22,55	20,33	20,26
A Coruña	19,13	18,04	18,65
Lugo	16,69	16,70	18,06
Ourense	23,33	24,53	21,72
Pontevedra	28,45	22,94	22,46
Nacionalidade	22,55	20,33	20,26
Española	21,77	19,32	19,59
Estranxeira	58,64	58,95	47,81
Fogares con ou sen nenos e mozos a cargo	22,55	20,33	20,26
Fogares con nenos e mozos a cargo	24,59	21,64	23,02
Un adulto con nenos e mozos a cargo	51,40	49,58	52,70
Dous adultos con nenos e mozos a cargo	21,63	20,40	20,80
Dous adultos cun neno e mozo a cargo	18,74	17,57	16,74
Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	24,17	22,95	24,10
Tres ou máis adultos con nenos e mozos a cargo	26,46	18,29	22,16
Fogares sen nenos e mozos a cargo	20,78	19,22	17,92
Un adulto sen nenos e mozos a cargo	26,62	21,79	24,65
Dous adultos sen nenos e mozos a cargo	20,35	20,08	17,70
Tres ou máis adultos sen nenos e mozos a cargo	18,90	17,19	15,41
Fogares segundo tipoloxías	22,55	20,33	20,26
Unipersoal	26,62	21,79	24,65
Sen núcleo	31,86	26,31	18,25
Parella con fillos	20,73	19,34	19,45
Parella sen fillos	16,23	17,16	14,99
Monoparental	38,59	35,57	36,52
Un núcleo e outros	23,51	18,34	17,94
Varios núcleos	21,95	14,43	17,25

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; 3) Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.7.

derados agás no caso daquelas cunha idade comprendida entre 50 e 64 anos, mentres que entre os homes, este incremento tan só se produce entre os menores de 16 anos.

Doutra banda, tal e como recolle o devandito **cadro 4.2.7.**, o risco de pobreza é moi superior para os estranxeiros que para os de nacionalidade española, se ben o diferencial entre ambos redúcese de xeito significativo. En 2017 a taxa de risco de pobreza e exclusión social foi do 47,8% para a poboación estranxeira fronte ao 19,6% para a española, cando no ano anterior estas porcentaxes ascendían a 59% e 19,3%, respectivamente.

A existencia de fogares con cargas familiares ou a tipoloxía dos mesmos son outros dos condicionantes dun maior ou menor risco de pobreza e exclusión social. O maior risco de pobreza segue a rexistrarse nos fogares compostos por un adulto con nenos e mozos a cargo, xa que tras o incremento experimentado en 2017, o 52,7% dos mesmos están nesta situación (49,6% no ano anterior). Diferenciando por tipoloxías, os fogares monoparentais son os que rexistran unha maior taxa, co 36,5% dos mesmos en situación de risco de pobreza ou exclusión (35,6% no ano anterior), por diante dos fogares unipersoais, cunha taxa do 24,7% (21,8% no ano precedente).

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2012-17: distribución segundo áreas

	2012	2016	2017
		(%)	
Total	23,58	20,33	20,26
A Coruña	21,49	18,04	18,65
A Coruña suroriental	21,33	14,69	16,54
Ferrol-Eume-Ortegal	19,77	24,03	18,97
Área da Costa da Morte	28,27	19,33	21,38
A Barbanza-Noia	28,53	20,81	19,12
Área da Coruña	19,14	15,80	19,66
Área de Santiago	19,91	16,00	14,66
Lugo	20,41	16,70	18,06
Lugo sur	32,49	23,98	18,30
Lugo oriental	16,53	12,57	17,42
Lugo central	18,52	16,86	19,82
A Mariña	18,57	13,50	13,94
Ourense	24,55	24,53	21,72
O Carballiño-O Ribeiro	29,88	30,41	25,66
Ourense central	25,44	18,42	15,38
Ourense sur	24,59	30,02	25,17
Área de Ourense	22,52	21,70	20,72
Pontevedra	26,86	22,94	22,46
Pontevedra nororiental	20,53	20,91	16,38
Pontevedra sur	33,12	26,65	30,27
Caldas-O Salnés	30,33	25,70	25,90
O Morrazo	30,08	22,15	21,19
Área de Pontevedra	25,11	20,71	27,21
Área de Vigo	24,97	22,16	19,03

Fonte: IGE, *Enquisa estrutual a fogares*

4.2.8.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2015-17: distribución segundo sexo e grupos de idade (1)

	2015			2016			2017		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
			(%)						
Total	22,64	22,48	22,55	20,63	20,05	20,33	20,04	20,45	20,26
Menos de 16 anos	25,15	23,58	24,40	22,25	22,89	22,56	23,59	23,88	23,73
De 16 a 24 anos	31,10	32,63	31,85	29,40	26,53	28,00	27,38	29,33	28,33
De 25 a 49 anos	24,16	24,48	24,32	21,40	20,50	20,95	20,68	20,99	20,83
De 50 a 64 anos	25,71	26,07	25,89	23,43	24,40	23,93	22,48	24,01	23,26
De 65 ou máis anos	12,24	13,94	13,21	12,33	13,14	12,79	11,81	13,25	12,63

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.9.

Desigualdade en Galicia e España 2009-17: Índice de Gini e distribución da renda S80/20 (1)

Índice de Gini (2)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Galicia	0,278	0,278	0,276	0,283	0,286	0,283	0,287	0,272	0,273
A Coruña	0,277	0,282	0,276	0,286	0,291	0,279	0,290	0,267	0,275
Lugo	0,276	0,266	0,268	0,278	0,264	0,274	0,265	0,266	0,261
Ourense	0,288	0,271	0,264	0,277	0,274	0,277	0,272	0,279	0,268
Pontevedra	0,274	0,276	0,280	0,279	0,288	0,289	0,291	0,276	0,275
España (4)	0,335	0,340	0,342	0,337	0,347	0,346	0,345	0,341	

Distribución da renda S80/S20 (3)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Galicia	4,13	4,16	4,21	4,47	4,51	4,45	4,50	4,16	4,18
A Coruña	4,14	4,22	4,22	4,53	4,64	4,34	4,47	4,02	4,25
Lugo	4,11	3,91	3,93	4,27	3,95	4,23	3,99	4,03	3,89
Ourense	4,34	3,98	3,93	4,39	4,22	4,27	4,28	4,32	4,11
Pontevedra	4,03	4,16	4,35	4,39	4,58	4,62	4,64	4,28	4,17
España (4)	6,20	6,30	6,50	6,30	6,80	6,90	6,60	6,60	

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

(3) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

(4) Datos extraídos da Encuesta de condiciones de vida do INE. Os datos do INE fan referencia á renda do ano anterior á entrevista. Na taboa están integrados no ano que corresponden.

Fonte: IGE e INE

4.2.10.

Finalmente, no concernente ao tamaño dos municipios, a diferenza do acontecido no ano anterior, en 2017 as porcentaxes máis reducidas da taxa de pobreza (EE2020) corresponden aos concellos entre 20.000 e 50.000 habitantes, cunha taxa do 17,8% (23,4% en 2016). Por contra, as máis elevadas rexístranse no caso do concellos cunha poboación entre 10.000 e 20.000 habitantes, cunha taxa do 22,3% (19,1% no ano anterior).

• Desigualdade

Reducir a desigualdade é un dos dezasete obxectivos recollidos pola Organización das Nacións Unidas (ONU) na súa Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, programa que persegue un futuro mellor e máis sostible para todas as persoas. Con todo, este organismo internacional sinala que a inequidade segue a crecer sen parar considerándoa ademais coma un desequilibrio arraigado. Consideran que a desigualdade é un dos maiores retos na actualidade e supón un importante obstáculo non só para o desenvolvemento senón tamén unha ameaza para a paz. Asemade, indica que a desigualdade é unha das principais causas da migración e menciona que esta desigualdade no desenvolvemento tamén é de xénero.

Segundo as cifras da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), a desigualdade de ingresos atópase no seu nivel máis alto en 50 anos, sendo as diferenzas máis marcadas nos países en desenvolvemento e nas economías emerxentes.

Ademais das taxas de pobreza analizadas no apartado anterior, o grao de desigualdade pode medirse de xeito máis preciso a través tanto da evolución do coeficiente de Gini como da distribución da renda (**cadro 4.2.10.**).

Dunha banda, o coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 correspóndese coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e o valor 1 coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). Ao longo de toda a serie analizada, o valor do índice de Gini nas catro provincias galegas é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, acadando en Galicia no ano 2017, último dato dispoñible, un valor

de 0,273. Un ano máis Lugo volve a presentar un valor inferior á media galega, situándose no último ano considerado tamén por baixo do valor galego a provincia de Ourense. Os datos do ano 2016 reflicten un índice de Gini do 0,341 de media no Estado.

Doutra banda, o indicador da distribución da renda S80/S20 calcúlase como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra que no ano 2017 os ingresos medios do quintil máis rico da poboación son 4,18 veces superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre. No conxunto do Estado, o quintil máis rico da poboación ten, de media, un ingreso medio 6,60 veces superiores ao quintil de poboación máis pobre.

En ambos os dous indicadores considerados a provincia da Coruña presenta os valores máis elevados, por diante de Pontevedra. Dunha banda, o índice de Gini sitúase nas dúas provincias en 0,275, en tanto que o indicador S80/S20 ascende a 4,25 na Coruña en tanto que os ingresos do quintil máis rico da poboación de Pontevedra é 4,17 veces superior aos ingresos do quintil máis pobre.

Dependencia e discapacidade

A *Enquisa estrutural a fogares* elaborada polo IGE recollía no seu módulo específico dedicado á dependencia que en 2017 residían en Galicia un total de 117.875 persoas en situación de dependencia, sendo as provincias de Ourense e Lugo onde os índices de incidencia son maiores como consecuencia do maior envellecemento da poboación. En xeral, o intenso envellecemento da poboación en Galicia obriga a destinar cada vez máis recursos á protección das persoas maiores con dependencia.

Os datos do Imserso facilitados polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) reflicten que en 2018 formalizáronse en Galicia un total de 80.184 solicitudes para acceder ás prestacións do SAAD, o que representa o 4,5% do total estatal. Comparado co ano anterior, o número de solicitudes descende en Galicia un 0,8% (612 solicitudes menos) o que contrasta co incremento do 3,3% rexistrado no conxunto do Estado.

En relación á poboación empadroada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 2,97% da poboación da Comunidade Autónoma, fronte ao 3,78% de media no Estado. Isto sitúa novamente a Galicia como unha das CCAA con menor rateo, tan só por detrás de Ceuta e Melilla, Baleares, a C. Valenciana e Canarias no ano 2018.

Tendo en conta o incremento do número de resolucións no último ano, redúcese novamente o número de solicitudes pendentes de valoración, que se sitúa en 2018 nas 457 solicitudes fronte ás 1.503 solicitudes en lista de agarda de valoración no ano anterior.

No que respecta aos resultados das valoracións, tal e como se deduce do **cadro 4.2.11.**, o 14,8% das resolucións emitidas foron negativas, quedando os solicitantes fóra do sistema. A maioría dos ditames, 67.903 (o 85,2%), resultaron positivos, co correspondente recoñecemento do grao de dependencia. Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase novamente como a terceira Comunidade Autónoma, tras Murcia e Canarias, coa maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas, co 90,3% e 85,3%, respectivamente. No conxunto do Estado esta porcentaxe de resolucións positivas sitúase no 79,6%.

Os datos correspondentes ao ano 2018 reflicten a existencia en Galicia de 25.204 persoas recoñecidas como grandes dependentes (grado III), un colectivo que aumentou no último ano en 110 persoas (0,4%). O número de beneficiarios con prestación de grao II, ou dependencia grave, descende lixeiramente ata as 23.520 persoas (81 menos que en 2017). Ao igual que no ano anterior, o maior incremento prodúcese no caso dos beneficiarios de grao I, afectación moderada, cunha medra do 3,5% (646 beneficiarios máis), para situarse en 19.179 beneficiarios rexistrados no último ano.

Un indicador significativo da evolución do sistema é a análise da evolución do número de persoas con prestación. A asignación da prestación realízase mediante

resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA), onde se determina a prestación ou servizo que lle corresponde a cada persoa dependente en función, entre outros aspectos, do seu grao de discapacidade e da súa capacidade económica.

Tras unha medra do 8,5% respecto ao ano anterior, 4.729 novas persoas atendidas, o número de persoas atendidas polo sistema de dependencia ascende en 2018 ata os 60.099 beneficiarios, o que representa o 5,7% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior. Atendendo ao seu peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 2,2%, situándose esta porcentaxe no 2,3% en España.

A pesar do devandito incremento dos beneficiarios con prestacións, o sistema continúa sen atender a 7.804 persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións e que non están sendo atendidas. Tras o descenso da lista de agarda en máis de catro mil persoas, aínda están sen atender o 11,5% das persoas dependentes con dereito a prestación (17,6% no ano anterior), sendo esta porcentaxe case oito puntos inferior á do conxunto do Estado (19,2%).

En termos relativos Galicia presenta un forte descenso do número de persoas desatendidas por cada mil persoas con dereito a prestación, situándose en 2018 en 114,9 persoas desatendidas (176,4 no ano anterior), case 38 puntos por baixo da media estatal.

As prestacións de atención á dependencia poderán ser, por unha banda, prestacións económicas para coidados familiares e vinculadas a servizos concretos, así como dispoñer dun asistente persoal e, por outra banda, poderán ter a natureza de servizos. O artigo 15 da Lei de dependencia determina o catálogo de servizos sociais, que comprenden os servizos de prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal, teleasistencia, o servizo de axuda a domicilio, os centros de día e de noite, e os servizos de atención residencial.

O número de prestacións concedidas ás persoas valoradas como dependentes volve a incrementarse no ano 2018, acadando as 70.220 prestacións, un 10,2% máis que no ano anterior. Tendo en conta o maior incremento rexistrado no conxunto do Estado (12,1%), o seu peso relativo descende ata o 5,3% das prestacións en España. O número total de prestacións por persoa beneficiaria é de 1,17 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,25 prestacións por beneficiario.

Segundo os datos recollidos no **cadro 4.2.11.**, o 30,2% das prestacións en Galicia son de tipo económico fronte ao 69,8% das prestacións por servizos. En comparación co acontecido no conxunto do Estado, esta distribución presenta importantes diferenzas xa que o 41,4% son prestacións de tipo económico e o 58,6% restante son de servizos. Entre as prestacións económicas cómpre mencionar que en 2018 o 18,4% das prestacións totais galegas son prestacións para coidados no entorno familiar (30,8% no Estado).

No concernente ás prestacións por servizos salienta o elevado peso relativo das prestacións de axuda a domicilio, un 33,2% do total en Galicia fronte a só o 17,9% de media no Estado. Igualmente destaca a reducida importancia relativa en Galicia da teleasistencia, que a pesar do incremento, supón tan só o 7,5% das prestacións, lonxe do 17% en España.

O 62% das novas atencións centráronse en axuda a domicilio (2.844) e teleasistencia (1.219) na liña de servizos de proximidade, con lixeiros incrementos no resto das prestacións. Segundo os datos do Observatorio da Dependencia, da asociación de directoras e xerentes de servizos sociais, esta tendencia permitiu acadar 17.160 postos de traballo directos. Deste modo, a taxa de xeración de emprego en Galicia aumenta ata os 46 empregos por millón, rateo moi por riba da media estatal que se sitúa en 37,7 empregos por millón.

No que atinxe ao financiamento do sistema de dependencia, segundo os datos do devandito observatorio, o custo do sistema supera en Galicia os 454,2 millóns de euros no ano 2018, dos que a Xunta de Galicia achega o 62% (281,4 millóns) fronte ao 20,1% da administración xeral do Estado (91,3 millóns) e o restante 17,9% corresponde ao copago (81,5 millóns de euros).

Dependencia en Galicia e España 2017-18: principais indicadores (1)

	2017			2018		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Solicitudes	80.796	1.711.379	4,7	80.184	1.767.186	4,5
Resolucións	79.293	1.591.166	5,0	79.727	1.638.618	4,9
Beneficiarios con dereito a prestación	67.228	1.264.951	5,3	67.903	1.304.312	5,2
Grado III	25.094	375.010	6,7	25.204	384.195	6,6
Grado II	23.601	475.744	5,0	23.520	490.680	4,8
Grado I	18.533	414.197	4,5	19.179	429.437	4,5
Beneficiarios con prestación	55.370	954.831	5,8	60.099	1.054.275	5,7
Prestacións	63.701	1.178.011	5,4	70.220	1.320.659	5,3
Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	4.167	46.078	9,0	4.758	52.274	9,1
Teleasistencia	4.049	186.276	2,2	5.268	224.714	2,3
Axuda a domicilio	20.465	194.725	10,5	23.309	235.924	9,9
Centros de día/noite	7.062	90.959	7,8	7.173	94.802	7,6
Atención residencial	7.660	157.174	4,9	8.516	166.579	5,1
P. Económica vinculada servizo	6.806	110.669	6,1	8.132	132.491	6,1
P. Económica coidados familiares	13.392	385.476	3,5	12.953	406.849	3,2
P. Económica Asist. persoal	100	6.654	1,5	111	7.026	1,6
Rateo prestacións por persoa beneficiaria	1,15	1,23		1,17	1,25	

Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IMSERSO, *Sistema para la autonomía y atención a la dependencia*

4.2.11.

Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2018 (1)

	Privadas		Pública autonómica e institucional		Pública local		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
				Residenciais				
Galicia	193	15.353	41	3.788	18	743	252	19.884
A Coruña	60	4.959	16	1.663	1	37	77	6.659
Lugo	27	2.698	7	686	4	150	38	3.534
Ourense	60	3.955	10	542	10	437	80	4.934
Pontevedra	46	3.741	8	897	3	119	57	4.757
				Centros de día				
Galicia	135	5.224	64	2.528	23	658	222	8.410
A Coruña	49	2.011	24	1.088	5	175	78	3.274
Lugo	15	687	13	444	11	273	39	1.404
Ourense	16	544	12	441	6	130	34	1.115
Pontevedra	55	1.982	15	555	1	80	71	2.617

(1) datos a 31 de decembro de 2018

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.12.

Entidades prestadoras de servizos sociais 2018 (1)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Outra (2)	Pontevedra	TOTAL
Iniciativa privada con ánimo de lucro	189	57	97		175	518
Discapacidade		1			3	4
Infancia	93	18	26		73	210
Maiores	96	38	71		99	304
Iniciativa pública	233	120	114	9	164	640
Comunidade	22	15	14		23	74
Discapacidade	13	2	6		3	24
Familia	3	1	2		3	9
Igualdade				9		9
Inclusión	2		1		4	7
Infancia	130	52	45		97	318
Maiores	58	49	41		33	181
Menores	5	1	5		7	18
Iniciativa social	196	81	104	1	173	555
Comunidade	1				2	3
Discapacidade	90	34	31		69	224
Igualdade		1		1		2
Inclusión	29	1	10		22	62
Infancia	24	2	5		33	64
Maiores	36	28	47		20	131
Menores	16	15	11		27	69
TOTAL	618	258	315	10	512	1713

(1) 31 decembro de 2018

(2) fai referencia a entidades que teñen o seu domicilio social fora de Galicia

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.13.

Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2009-18 (1)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia / España
							(%)
2009	6.053	2.328	714	957	2.054	100.423	6,0
2010	8.752	3.115	1.141	1.617	2.879	150.566	5,8
2011	8.206	2.923	1.063	1.420	2.800	173.424	4,7
2012	2.316	753	390	479	694	23.933	9,7
2013	1.737	567	304	358	508	16.736	10,4
2014	1.393	465	251	287	390	13.553	10,3
2015	1.110	370	201	222	317	11.189	9,9
2016	1.008	347	176	197	288	9.753	10,3
2017	911	326	162	161	262	8.498	10,7
2018	813	299	150	121	243	7.524	10,8

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguiranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridad Social

4.2.14.

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas en Galicia e España 2018 (1)

	Galicia					España	G / E
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
							(%)
C. indefinidos persoas con discapacidade	739	296	109	71	263	11.619	6,4
Homes	433	171	72	39	151	7.017	6,2
Mulleres	306	125	37	32	112	4.602	6,6
Xornada completa	465	171	63	50	181	6.972	6,7
Xornada parcial	244	109	43	21	71	3.890	6,3
Fixos discontinuos	30	16	3	-	11	757	4,0
C. temporais persoas con discapacidade	1.632	596	162	138	736	25.309	6,4
Homes	988	364	109	80	435	15.563	6,3
Mulleres	644	232	53	58	301	9.746	6,6
Xornada completa	978	334	99	79	466	15.477	6,3
Xornada parcial	654	262	63	59	270	9.832	6,7
12 meses	1.599	584	159	131	725	24.435	6,5
de 12 a 18 meses	28	10	2	6	10	697	4,0
de 18 a 24 meses	2	-	-	1	1	63	3,2
máis de 24 meses	3	2	1	-	-	114	2,6
Prórroga contratos temporais a discapacitados	771	296	80	58	337	13.681	5,6
C. convertidos en indefinidos de persoas con discapacidade							
C. Temporais a persoas discapacidade	320	142	26	23	129	5.943	5,4
C. Temporais a persoas discapacidade (inclue contratos en CEE)	1.632	596	162	138	736	25.309	6,4
C. Indefinidos bonificados a persoas con discapcidade	1.270	562	153	118	437	23.865	5,3

(1) datos acumulados a 31/12
Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

4.2.15.

No concernente aos centros de día e á atención residencial destinados a persoas maiores, **cadro 4.2.12.**, Galicia conta en 2018 cun total de 252 residencias, das que máis de tres cuartas partes (193 residencias) son de iniciativa privada, ascendendo o número de prazas ofrecidas ata as 19.884, das que 15.353 son privadas (77,2%). Entre as 59 residencias de iniciativa pública, a administración autonómica ten 30 residencias, cunha oferta de 3.449 prazas, o que representa o 76,1% das prazas públicas.

No caso dos centros de día, Galicia conta con 222 centros e unha oferta total de 8.410 prazas. Ao igual que acontece no caso das residencias, predominan os centros privados, que representan máis de seis de cada dez centros e prazas (135 centros e 5.224 prazas ofertadas).

O **cadro 4.2.14.** amosa que o número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais en Galicia continúa descendendo en 2018 para situarse nas 813 persoas, o 10,8% do total estatal, caída consecuencia da eliminación do financiamento estatal das cotizacións á Seguridade Social dos coidadores non profesionais.

Finalmente, no que respecta á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade (**cadro 4.2.15.**), no último ano asináronse en Galicia un total 739 contratos indefinidos para persoas con discapacidade, dos que 465 son a xornada completa. Os contratos temporais a persoas con discapacidade ascenderon a 1.632, dos que 978 son a xornada completa. De cada 1.000 contratos indefinidos asinados en Galicia no último ano 13,3 corresponden a persoas con discapacidade (8 no conxunto do Estado), e de cada 10.000 contratos temporais 16,6 son de persoas con discapacidade (12,7 en España). Tal como se observa no **cadro 4.2.13.**, o número de centros de atención a persoas discapacitadas en Galicia é de 252, dos que tan só 24 son de titularidade pública.

Fogares 2008, 2016 e 2017: tipoloxías segundo o tamaño do concello (1)

	< 10.000 hb.	Entre 10.000 e 20.000 hb	Entre 20.000 e 50.000 hb.	>50.000 hb	Total
			(%)		
Unipersoal					
2008	23,2	17,5	16,8	18,9	19,6
2016	23,0	17,6	18,9	22,5	21,2
2017	22,8	19,1	19,6	22,6	21,7
Sen núcleo					
2008	3,2	1,7	1,5	2,9	2,6
2016	2,4	1,9	1,1	1,9	1,9
2017	2,2	1,7	1,3	1,9	1,9
Parella con fillos					
2008	27,9	38,5	39,6	38,0	35,2
2016	27,1	36,5	37,6	32,1	32,3
2017	27,3	36,7	34,7	33,2	32,1
Parella sen fillos					
2008	21,3	21,6	23,0	20,7	21,4
2016	25,7	22,5	23,4	23,9	24,1
2017	24,5	21,1	25,6	24,3	24,2
Monoparental					
2008	7,2	7,7	7,9	10,6	8,6
2016	7,4	11,2	10,7	12,2	10,4
2017	8,1	9,9	10,2	11,3	9,9
Un núcleo e outros					
2008	11,6	8,6	7,4	6,2	8,5
2016	9,7	6,4	5,8	5,4	6,9
2017	10,0	7,4	5,2	4,9	6,9
Varios núcleos					
2008	5,7	4,4	3,9	2,6	4,0
2016	4,7	3,8	2,5	2,2	3,3
2017	5,1	4,1	3,5	1,8	3,5
Total	100	100	100	100	100

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.16.

Familia e infancia

Segundo datos da *Enquisa estrutural de fogares* do IGE, a 31 de decembro de 2017, o 32,1% dos fogares galegos estaban compostos por unha parella con fillos, **cadro 4.2.16.**, 3,1 puntos porcentuais menos que no ano 2008, seguidos dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 24,2%, 2,8 puntos porcentuais máis que no ano 2008. Asemade, cómpre mencionar que o 21,7% dos fogares galegos son unipersoais (19,6% a 31 de decembro de 2008); e dos 229.841 fogares unipersoais existentes en Galicia no ano 2017, no 51,3% a persoa ten 65 ou máis anos (33,8% se son homes e 63,8% se son mulleres). As proxección de fogares 2018-2033 do INE estima que no ano 2033 en Galicia os fogares unipersoais acadarán os 322.681.

A tipoloxía de fogar máis numerosa en Galicia é a parella con fillos, pero a súa porcentaxe sobre o total de fogares descende dende o 35,2% no ano 2008 ata os 32,1% do ano 2017, o valor mínimo da serie considerada. Por contra, os fogares compostos por parellas sen fillos acadan no ano 2017 as porcentaxes máis elevadas da serie¸ rexistrándose o valor mínimo en 2008, cun 21,4%. Asemade, cómpre resaltar que a porcentaxe de fogares onde non reside ningún menor de 16 anos pasa do 75,9% en 2008 ao 76,7% do total en 2017. As proxección de fogares 2018-2033 do INE estima que no ano 2033 en Galicia os fogares nos que residan máis de tres persoas serán case 191.000, un 16,9% inferior ao estimado para 2018, aumentando un 11,7% o número de fogares formados por unha ou dúas persoas.

Galicia contaba en 2018 cun total de 573 escolas infantís, que ofertaban 31.639 prazas (**cadro 4.2.17.**). Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 77.365 nenos, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 40,9, case tres puntos máis que no ano ante-

Escolas infantís 2018: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

	Centros	Prazas		
			poboación 0-3 anos	prazas / poboación *(prazas / 100 habs.)*
Iniciativa pública	312	17.685	77.365	22,9
A Coruña	129	8.127	33.123	24,5
Lugo	51	2.258	8.536	26,5
Ourense	44	1.871	7.312	25,6
Pontevedra	88	5.429	28.394	19,1
Iniciativa privada con ánimo de lucro	200	10.365	77.365	13,4
A Coruña	88	4.582	33.123	13,8
Lugo	18	860	8.536	10,1
Ourense	26	1.125	7.312	15,4
Pontevedra	68	3.798	28.394	13,4
Iniciativa social	61	3.589	77.365	4,6
A Coruña	24	1.344	33.123	4,1
Lugo	2	60	8.536	0,7
Ourense	4	112	7.312	1,5
Pontevedra	31	2.073	28.394	7,3
Total	573	31.639	77.365	40,9
A Coruña	241	14.053	33.123	42,4
Lugo	71	3.178	8.536	37,2
Ourense	74	3.108	7.312	42,5
Pontevedra	187	11.300	28.394	39,8

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.17.


rior (38,1 prazas por cada cen nenos). No último ano, Ourense sitúase como a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 74 centros existentes ofrecen unha rateo de 42,5 prazas, oito prazas máis que no ano anterior. Séguelle A Coruña e Pontevedra, con 42,4 e 39,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos (40,9 e 38,2 prazas no ano 2017), e finalmente Lugo, cunha rateo de 37,2 prazas por cada 100 nenos menores de 3 anos (30 no ano anterior).

Violencia de xénero e maltrato infantil

A lei estatal 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, define a violencia de xénero como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, que se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

No ano 2018 o número de vítimas inscritas por violencia de xénero (con orden de protección ou medidas cautelares) ascende en Galicia a 1.306, o que supón unha medra do 4,1% respecto ao ano anterior (51 vítimas máis). Comparado co total estatal, Galicia representa o 4,2% das vítimas inscritas en España, unha décima menos que no ano precedente.

En termos relativos, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma con menor taxa de vítimas de violencia de xénero inscritas por cada mil mulleres de 14 ou máis anos. Como reflicte o **cadro 4.2.18.**, Galicia presenta unha taxa de 1,0 vítimas, o que a converte na segunda C.A. con menor rateo tan só por detrás do País Vasco (0,8). No conxunto do Estado esta taxa sitúase en 1,5 vítimas por cada mil mulleres maiores de 14 anos.



Fonte: INE, *Estadística de Violencia doméstica y violencia de género*

4.2.18.

Un total de 1.298 homes foron rexistrados como denunciados por violencia de xénero nos asuntos con orde de protección ou medidas cautelares ditadas inscritos no rexistro ao longo de 2018, o que supón o 4,2% do total estatal. Comparado co ano anterior, o incremento foi do 3,8%, catro puntos menos que en España. O 57% dos denunciados teñen en Galicia entre 25 e 44 anos, porcentaxe que se sitúa máis de tres puntos por baixo da media estatal. No extremo contrario, o peso relativo das persoas de 45-64 anos sitúase no 29% en Galicia fronte ao 25,7% no conxunto do Estado, en tanto que no caso dos maiores de 65 anos, o seu peso é do 5% (3,25 en España).

En termos relativos, o número de denunciados por cada mil homes de 14 ou máis anos ascendeu en Galicia a 1,1 denunciados, fronte aos 1,6 no conxunto do Estado. A Comunidade Autónoma presenta valores inferiores á media española nos diferentes grupos de idade agás no caso dos maiores de 65 anos, con 0,3 homes denunciados por cada mil homes maiores de 65 (0,2 en España). A rateo máis elevada rexístrase entre os homes de 25 a 44 anos, con 2 denunciados 82,9 en España) seguido polo grupo de persoas de 18-24 anos, con 1,7 denunciados (2 en España).

No concernente ás infraccións penais imputadas aos denunciados, no último ano rexistráronse un total de 1.572 infraccións, un 7,2% máis que no ano anterior. O número medio de infraccións penais por denunciado mantense tanto en España como en Galicia en 1,2.

Os delitos máis numerosos son as lesións, que concentran o 51,2% do total (50.4% en España), torturas e outros delitos contra a integridade moral, co 23,3% (19,1% en España) e as ameazas, co 12,6% do total (16,9% no conxunto do Estado).

O número de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia no conxunto do ano 2018 ascendeu, segundo os datos da Delegación do Goberno en Galicia, a tres, sendo asasinadas un total de 47 no conxunto do Estado. En termos relativos, a taxa de mulleres asasinadas por millóns de mulleres de 15 e máis anos situouse en Galicia en 1,6 situándose esta rateo no 2,3 no conxunto do Estado. Se se considera a evolución dende o

ano 2003, primeiro ano do que se dispón de información, o número de mulleres asasinadas en Galicia ascendeu a 58, o que representa o 5,9% do total estatal.

No concernente á violencia doméstica, cómpre indicar en primeiro lugar que por violencia doméstica enténdese todo acto de violencia física ou psicolóxica exercido tanto por homes como por mulleres, sobre calquera persoa enumerada no artigo 173.2 do Código Penal agás os casos específicos de violencia de xénero.

Ao longo do ano 2018 rexistráronse un total de 357 vítimas en asuntos de violencia doméstica con orde de protección ou medidas cautelares, 17 máis que no ano anterior (5%). O 62,7% das vítimas son mulleres e o 37,3% restante, homes. Respecto ao ano anterior, descende lixeiramente o número de mulleres vítimas de violencia doméstica 82 menos, 0,9%), aumentando por el contrario no caso dos homes (19 máis, 16,7%).

No que ás denuncias se refire, en 2018 rexistráronse un total de 270 persoas denunciadas (5,3% do total estatal), das que 209 son homes (5,7%) e os restantes 61, mulleres (4,4%). No concernente á distribución segundo sexos, cómpre resaltar que Galicia presenta un porcentaxe de mulleres vítimas inferior á media estatal, representando o 22,6% das vítimas en Galicia fronte ao 27,4% no conxunto do Estado.

En termos relativos, o número de homes denunciados por cada mil homes foi tanto en Galicia como en España de 0,16, situándose no caso das mulleres en 0,06 en Galicia e 0,04 no conxunto do Estado. Atendendo á desagragación segundo grupos de idade, entre os homes salienta o das persoas de 18 a 24 anos, con 0,50 persoas denunciadas por cada mil homes desa franxa de idade (0,43 en España) e de 25-34 anos, con 0,31 homes por cada mil (0,26 España). Entre as mulleres a rateo máis elevada corresponde ao grupo de mulleres de 25 a 44 anos, con 0,10 denunciadas por cada mil mulleres nesa franxa de idade.

Atención a menores

Os datos da memoria de 2018 da Fiscalía da C.A., correspondentes ao ano 2017 (último dato dispoñible) reflicten que nese ano incoáronse 3.558 procedementos de menores por delitos en Galicia, o que supón unha medra interanual do 9% (293 procedementos máis). Deste total, 2.558 corresponden a dilixencias preliminares (71,9% do total) e 1.000 a expedientes de reforma (28,1% da cifra global).

No concernente aos menores intervidos (enxuizados), a cifra global ascendeu ao longo de 2017 a 664, o que supón unha medra do 15,5% respecto ao ano anterior (89 máis). Por franxas de idade, 168 menores tiñan 14 ou 15 anos, dez máis que no ano anterior, e os 496 restantes entre 16 e 17 anos (79 menores máis).

Segundo a estatística fiscal, **cadro 4.2.19.**, en 2017 rexistráronse 2.546 delitos incoados, cun lixeiro incremento respecto ao ano precedente (26 máis). Deste xeito hai unha case correcta rateo de 0,99 delitos por procedemento incoado. Os tipos delitivos máis representativos cuantitativamente son os delitos de lesións (20,3%), furtos (19,1%), violencia doméstica (8,4%) e delitos de roubo con forza e danos, cun 6,6% cada un deles.


No que se refire á protección do menor, os datos do **cadro 4.2.20.** resumen os principais datos, entre os que destaca, polo seu número, os expedientes de protección abertos a menores en situación de risco, con 1.475 expedientes, ou os de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública, con 363 expedientes.

Finalmente, cómpre mencionar que na Comunidade Autónoma existen diferentes programas e actuacións dirixidas á atención de menores en situación de desprotección social e de prevención da violencia ou maltrato infantil. Segundo a Memoria da Conselleira de Política Social correspondente ao ano 2017, última memoria publicada, estes programas son os seguintes:

1.- Atención a menores en situación de desprotección social:

1.1.- Atención a menores en centros de protección: Este programa ten por finalidade prestar atención nunha institución a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser

Delitos incoados en Galicia en procedementos de menores 2008-2017



Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2018 (exercicio2017)*

4.2.19.

Protección de menores en Galicia 2017

	2016	2017
Expedientes de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública	314	363
Expediente de garda incoados tras comunicación da entidade pública	201	263
Expedientes de protección abertos a menores en situación de risco	1.321	1.475
Procedementos de impugnación de medidas acordadas polas entidades públicas	60	76
A instancia del fiscal	-	1
A instancia de particulares	60	75
Intercención em procesos xudiciais relativos a acollementos	46	57
Intervención en adopcións	79	109
Intercvención en procesos de defensa dos dereitos fundamentais	25	8
Visitas de inspección a centros de protección de menores	74	63
Procesos sobre sustración internacional de menores	1	2
Expedientes sobre ensaios clínicos	3	-

Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2018 (exercicio2017)*

4.2.20.

separados temporalmente do seu núcleo familiar e para os que non é viable a utilización doutro recurso. A 31 de decembro de 2017 Galicia dispoñía de 4 centros de titularidade pública nos que se atenderon a 248 menores (221 en réxime de internado), e 69 centros concertados dependentes e entidades colaboradoras de iniciativa social nos que se atenderon 1.277 menores (862 en réxime de internado).

Asemade, mediante a colaboración con outras institucións realízanse contratos individualizados para a atención de menores con características que requiran unha atención en centros especializados. No ano 2017, último dato dispoñible, o número de menores atendidos ascendeu a 26, dos que 12 son nenos e 14 nenas.

1.2.- Acollemento familiar: O acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun menor a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar. O acollemento pode facerse na familia extensa o menor ou ben en familias

alleas. Ademais o acollemento pode ser remunerado ou non, en función das circunstancias socioeconómicas e persoais do menor e acolledores e o tipo de acollemento. No ano 2017 beneficiáronse deste programa un total de 1.265 menores, dos que 1.013 foron acollidos pola súa familia extensa e 252 por familias alleas.

1.3.- Adopción de menores: A finalidade deste programa é proporcionarlles aos menores en situación legal de seren adoptados, unha familia que satisfaga as súas necesidades afectivas, socioeducativas e de desenvolvemento persoas, facendo prevalecer o interese do menos sobre calquera outros. A adopción constitúe un acto xurídico mediante o que se establece unha relación de filiación entre os adoptantes e o/a menor, extinguíndose así os vínculos deste cos súa familias de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plebe de dereitos cos familia biolóxica. En Galicia no ano 2017 volve a descender o número de solicitudes de adopción nacional, que se sitúa en 89 (27 menos que no ano precedente), producíndose 43 autos de adopción nacional (17 máis que no ano anterior). No que respecta ás solicitudes de adopcións internacionais, ao longo do ano 2017 presentáronse 64 solicitudes de adopción (13 menos que no ano precedente) e producíronse 52 preasignacións de menores en adopción internacional (4 máis).

1.4.- Programa Mentor: Recurso mediante o que proporciona información, formación e acompañamento á inserción dos menores tutelados, ou en garda pola Administración autonómica, co fin de que poidan conseguir unha inserción laboral e social plenamente independente. No ano 2017 a poboación sobre a que incidiu o programa estivo formada por 519 mozos e mozas cos que se desenvolveron accións encamiñadas a súa inserción laboral.

1.5.- Programa de Integración Familiar (PIF): Programa de intervención con menores e as súas familias, co obxecto de acadar unha convivencia normalizada no ámbito familiar mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial. No ano 2017 foron atendidos 326 nenos e 191 familias.

1.6.- Programa "Na Rúa"": Este programa socieducativo está destinado a nenos e nenas, preferentemente adolescentes de 15 a 18 anos, e as súas familias. Ten como obxectivo xeral favorecer procesos de inserción social de menores e familias, a través dunha intervención socioeducativa e preventiva. Abarca diferentes contextos: persoal e grupal, familiar, escolar, prelaboral e sociocomunitario. Desenvólvese nas cidades de Lugo, Vigo e A Coruña, sendo atendidos en 2017 un total de 81 menores.

1.7.- Programa "Espabila": Presta especial atención no tempo de ocio aos menores que se atopan en situación de risco ou desprotección social, ofrecéndolles a posibilidade de participar nas diversas actividades que promoven o desenvolvemento persoal e social. No último ano considerado foron atendidos 225 menores nos concellos de Ourense, Vigo, Lugo e A Coruña.

1.8.- Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo: Este programa de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico aos menores derivados polos equipos técnicos de menores. Beneficiáronse deste programa 225 menores no ano 2017.

1.9.- Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social: Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socio educativo dos menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a pandillas disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc.. No ano 2017 asistiron 110 adolescentes ao dito programa.

1.10.- Teléfono da infancia (116111): Liña gratuíta

de atención, apoio e escoita a menores, así como de denuncia de situacións de malos tratos á infancia. No ano 2017 atendéronse en Galicia 1.071 chamadas, das que o 56% estaban dirixidas a obter asesoramento ou información.

1.11.- Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI): O RUMI é un instrumento informático de rexistro e notificación de maltrato infantil destinado aos profesionais que simplifica e axiliza a actuación ante unha situación de risco para un/unha menor. O rexistro está actualmente a disposición de dous colectivos fundamentais, sos profesionais do ámbito educativo e os das forzas de orde pública. No ano 2017 rexistráronse 10 notificacións.

2.- Programas de execución de medidas xudiciais:
As 1.004 medidas xudiciais que estiveron en execución durante o ano 2017 afectaron a un total de 681 menores maiores de catorce anos, dos que o 78,6% son homes. Os tres delitos máis frecuentes cometidos polos menores que executaron medidas xudiciais en 2017 foron os de lesións, furto e roubo con violencia ou intimidación, no caso dos delitos. ❑

4.3.

Cobertura social

O crecemento económico e a cohesión social son variables que deben avanzar de xeito paralelo sobre a base de instrumentos de redistribución eficientes. O modelo de protección pública en España susténtase en distintos instrumentos de garantía de rendas, dentro dos que as prestacións do sistema da Seguridade Social teñen un papel preponderante.

Tal e como se sinalaba na memoria socioeconómica do ano anterior, a función de cohesión, de diminución das desigualdades e de protección social do sistema é especialmente notoria en territorios como Galicia, cunha estrutura económica e demográfica onde as prestacións e subsidios sociais son a principal fonte de rendas de moitos fogares. A *Enquisa estrutural a fogares* publicada polo IGE reflicte que no 31,5% dos fogares galegos a totalidade dos seus ingresos proviñan en 2017 (último dato dispoñible) das prestacións; ascendendo esta porcentaxe ata o 43,1% no caso daqueles fogares galegos onde as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos. No concernente á evolución dos fogares onde todos os seus ingresos proveñen das prestacións, cómpre destacar que no último ano considerado ráchase a tendencia descendente iniciada coa recuperación económica, reducíndose non obstante o peso relativo dos fogares onde máis da metade dos seus ingresos proveñen das prestacións (30,8% e 43,5% no ano 2016, respectivamente).

No ano 2018 volve a descender en Galicia o número total de persoas beneficiarias de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego, que se sitúa en 890.228 beneficiarios, 1.330 menos que no ano anterior (-0,1%). Con todo, se se consideran individualmente, cómpre indicar que fronte ao incremento de 3.255 persoas beneficiarias de pensións contributivas (0,4%), diminúen as de pensións non contributivas en 916 menos (-2,3%), así como os beneficiarios de prestacións por desemprego, cunha redución de 3.669 persoas (-4%).

Galicia mantense como a segunda Comunidade Autónoma co importe medio das pensións contributivas máis baixo, por detrás de Estremadura, con 799,64 €/mes no ano 2018, rexistrándose novamente un incremento do diferencial con respecto á media estatal, que se sitúa en 145,05 euros ao mes, 2,16 euros máis que no ano anterior.

Prestacións 2017-18: distribución segundo tipo de cobertura

	número		importe medio	
	2017	2018	2017	2018
Pensións contributivas	*(medias anuais, en miles)*		*(en € / mes)*	
Total	758,7	762,0	777,7	799,6
Incapacidade permanente	69,8	70,0	835,4	849,1
Xubilación	471,5	474,8	884,9	910,6
Viúvez	187,3	187,0	548,1	563,3
Orfandade e favor familiar	30,2	30,2	395,0	404,0
Pensións non contributivas				
Total	40,1	39,2		
Invalidez	15,2	14,8	396,8	407,9
Xubilación	24,9	24,4	358,4	369,1
LISMI	0,4	0,3		
Prestacións por desemprego *	*(datos a 31-12 , en miles)*		*(en € / mes)*	
Total	92,8	89,1		
Contributivas	40,8	42,3	792,5	803,1
Subsidios	40,2	39,2	426,0	430,3
Renta activa de inserción	9,4	7,6	426,0	430,3
programa de activación para o emprego	2,3	0,0	426,0	430,3
	(beneficiarios anuais)			
RISGA	3.835	10.163	439,16	#¡REF!
AIS	1.066	2.913	1.057,94	#¡REF!

(*) A contía media das prestacións asistenciais (subsidios, renda agraria, RAI e PAE), é do 80% do IPREM=426,00 euros (14,20 € x 30 días) para o ano 2017, e no 2018 é de 430,27 euros (14,34 x 30 días)

LISMI: Lei de integración social do minusválido

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AIS: Axudas de inclusión social. Pago único.

Fonte: Ministerio deTrabajo, Migraciones y Seguridad Social e Consellería de Política Social.

4.3.1.

Pensións contributivas en Galicia e España 2017-18: distribución segundo clase

	Galicia			España			G / E	
	2017	2018	18/17	2017	2018	18/17	2017	2018
Totais								
número	758,70	762,00	0,4	9.514,80	9.622,52	1,1	8,0	7,9
importe medio	777,71	799,64	2,8	920,60	944,69	2,6	84,5	84,6
Incapacidade permanente								
número	69,80	70,00	0,3	947,13	951,84	0,5	7,4	7,4
importe medio	835,36	849,08	1,6	936,00	946,19	1,1	89,2	89,7
Xubilación								
número	471,50	474,80	0,7	5.826,12	5.929,47	1,8	8,1	8,0
importe medio	884,88	910,57	2,9	1.063,50	1.090,70	2,6	83,2	83,5
Viuvez								
número	187,30	187,00	-0,2	2.360,40	2.359,93	0,0	7,9	7,9
importe medio	548,12	563,25	2,8	646,40	664,44	2,8	84,8	84,8
Orfandade e favor familiar								
número	30,20	30,20	0,0	381,16	381,28	0,0	7,9	7,9
importe medio	394,99	403,97	2,3	457,35	468,01	2,3	86,4	86,3

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social.*

4.3.2.

Ao longo do presente capítulo analízanse as prestacións económicas dos beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego. Os presupostos xerais do Estado para o ano 2018 deixaron en suspenso o factor de revalorización das pensións aprobado en 2013, que limitaba a subida das prestacións a un 0,25% mentres a Seguridade Social estivera en déficit, e incluían unha revalorización do 1,6% (IPC previsto para ese ano). Posteriormente, o Real Decreto-Lei 28/2018, de 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, establece unha revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social para o exercicio 2019 do 1,6%, e igualmente fixa unha revalorización do 3% das pensións mínimas do sistema da Seguridade Social, pensións non contributivas e pensións do SOVI.

Pensións contributivas

As pensións contributivas son a principal partida de gasto do sistema da Seguridade Social. Defínense como prestacións económicas, xeralmente de duración indefinida, cuxa concesión está supeditada normalmente a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, e cuxa contía ven determinada polas aportacións efectuadas por traballador e empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

O número de pensións contributivas da Seguridade Social aumenta lixeiramente en Galicia no ano 2018, para acadar as 762.000 pensións, un 0,4% máis que no ano anterior. Unha vez máis, este incremento é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, que se sitúa no 1,1%). O seu importe medio ascende a 799,64 euros ao mes, o que representa tan só o 84,5% do importe medio estatal, o segundo máis baixo tras Estremadura (784,57 euros/mes). Non obstante, en relación ao ano anterior o importe medio en Galicia medra un 2,8%, dúas décimas por riba da media española.

O reducido importe medio das pensións contributivas en Galicia en relación á media estatal (15,5% inferior) contrasta co peso que as prestacións contributivas galegas teñen no conxunto de España, xa que en Galicia localízanse o 8% do total de pensións contributivas do Estado, manténdose como a quinta Comunidade Autónoma por número deste tipo de pensións. Cómpre mencionar que dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais da Seguridade Social, nas pensións contributivas inclúense as pensións por xubilación, por incapacidade permanente, as pensións de viuvez, e orfandade e favor de familiar.

As pensións de xubilación son as que acollen ao maior número de beneficiarios, co 62,3% do total, e o importe medio máis elevado. O **cadro 4.3.2.** amosa que o número de beneficiarios de pensións contributivas por xubilación en Galicia ascendeu en 2018 a 474.800 persoas, 3.300 persoas beneficiarias máis que no ano anterior, o que supón o 8% do total de beneficiarios estatais. Tras unha medra do 2,9%, o importe medio mensual foi de 910,57 euros, o que supón 180,13 euros menos que o importe medio do Estado, e que mantén a Galicia, xunto con Estremadura (899,65 euros), como as Comunidades co importe medio máis reducido de todo o Estado español.

En termos de importe medio, séguelle en importancia as pensións de incapacidade permanente. Estas son unha prestación que trata de cubrir a perda de ingresos que sofre una persoa traballadora cando por enfermidade ou accidente se reduce ou anula a súa capacidade laboral; esta incapacidade permanente pode ser parcial, total, absoluta ou grande invalidez. En 2018 en Galicia rexístranse 70.000 pensións contributivas por incapacidade permanente, ascendendo o seu importe medio mensual a 849,08 euros, 97,11 euros menos que o importe medio no Estado. Esta contía sitúaa novamente como a terceira Comunidade autónoma cun menor importe medio, só por detrás de Estremadura (789,57 euros) e Murcia (844,55 euros).

As prestacións por morte e supervivencia (pensións por viuvez, orfandade e favor familiar) están destinadas a compensar a situación de necesidade económica que produce, para determinadas persoas, o falecemento doutras. No ano 2018 o número de beneficiarios de pensións contributivas de viuvez en Galicia descende

Beneficiarios e importe medio das pesións contributivas

	2018					
	Galicia			España		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(nº pensións)					
Incamacidade permanente	69.998	46.518	23.479	951.800		
Xubilación	477.751	274.876	202.870	5.929.500		
Viudedade	186.968	18.677	168.290	2.359.900		
Orfandade	23.581	12.609	10.972	339.600		
Favor familiar	6.495	2.373	4.122	41.700		
Total	764.793	355.053	409.733	9.622.500		
	(importe medio en €)					
Incamacidade permanente	857,28	911,24	750,39	946,20		
Xubilación	928	1.099	695	1.091		
Viudedade	576,48	411,92	594,74	664,40		
Orfandade	388	388	388	387		
Favor familiar	498,45	479,14	509,57	548,60		
Total	815	1.009	647	945		
	2017					
	Galicia			España		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(nº pensións)					
Incamacidade permanente	70.006	46.695	23.310	947.130	610.591	336.529
Xubilación	473.649	273.062	200.584	5.826.123	3.642.247	2.183.808
Viudedade	187.121	18.863	168.257	2.360.395	179.985	2.180.382
Orfandade	23.758	12.664	11.092	340.427	178.234	162.139
Favor familiar	6.297	2.261	4.036	40.727	11.701	29.026
Total	760.831	353.545	407.279	9.514.801	4.622.758	4.891.885
	(importe medio en €)					
Incamacidade permanente	839,72	893,30	732,42	936,00	995,80	827,52
Xubilación	893	1.062	664	1.064	1.233	781
Viudedade	551,22	403,41	567,79	646,40	485,71	659,66
Orfandade	375	376	374	379	380	379
Favor familiar	482,10	460,75	494,07	535,27	503,47	548,09
Total	785	976	619	921	1.138	715

(1) O importe medio para Galicia extráese do IGE
Fonte: Ministerio de Trabajo , Migraciones y Seguridad Social


4.3.3.

ata as 187.000 (o 7,9% do total estatal) e o seu importe medio mensual medra ata os 563,25 euros, un ano máis o máis reducido do conxunto do Estado, con 101,19 euros menos ao mes que a media. As pensións de orfandade e favor familiar rexistran 30.200 beneficiarios (o 7,9% do total de España) ascendendo o seu importe medio a 403,97 euros mensuais, un 13,7% menos que no conxunto do Estado.

Por réximes de protección, aumentan as pensións procedentes do Réxime Xeral ata as 413.381 e diminúen as do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), acadando 259.031 pensións. O 54,3% do total de pensións en 2018 pertencen ao Réxime Xeral, un 2,2% máis que no ano anterior, fronte ao descenso do 1,7% no número de pensión do RETA que representa o 34% do total de pensións. A pesar do dito descenso, resulta destacable o peso das pensións do RETA en Galicia fronte ao conxunto do Estado, onde só representan o 20,3% do total.

As circunstancias de cotización e da carreira profesional do pensionista determinan a contía das pensións, cun máximo e mínimo fixado anualmente. A pensión contributiva media do sistema en Galicia no último ano ascende a 799,64 euros mensuais, o que supón un aumento do 2,8%. Este importe é significativamente inferior á pensión contributiva media en España, que ascende a 944,69 euros mensuais. As mulleres representan máis da metade dos beneficiarios das pensións contributivas rexistradas en Galicia no último ano (53,5% do total), cun importe medio de 632,30 euros,

Pensións contributivas 2008-18(1): distribución segundo clase de pensión




1) medias anuais, en miles

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social.*

4.3.4.

Importe medio das pensións contributivas 2008-18: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracioes y Seguridad Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

4.3.5.

Pensións contributivas en Galicia e España 2017-18: distribución segundo réxime (1)

	Total	Réxime xeral	R. E. de traballadores autónomos	R. E. de traballadores do mar	R.E. da minería do carbón	Accidentes de traballo	Enfermidades profesionais	SOVI (2)
Galicia								
número								
2017	758.708	404.680	263.412	54.960	1.564	18.072	2.939	13.081
2018	761.963	413.381	259.031	54.680	1.571	18.041	3.013	12.245
18/17	0,4	2,2	-1,7	-0,5	0,5	-0,2	2,5	-6,4
importe medio								
2017	777,71	912,47	554,90	885,98	1.293,72	872,97	1.053,21	385,18
2018	799,64	934,70	568,00	905,05	1.328,27	894,50	1.090,62	390,26
18/17	2,8	2,4	2,4	2,2	2,7	2,5	3,6	1,3
España								
número								
2017	9.514.801	6.799.072	1.947.950	127.875	65.576	205.761	37.209	331.358
2018	9.622.519	6.918.030	1.957.451	126.436	65.018	205.261	36.445	313.877
18/17	1,1	1,7	0,5	-1,1	-0,9	-0,2	-2,1	-5,3
importe medio								
2017	920,60	1.017,33	638,82	956,38	1.595,87	973,80	1.195,34	381,08
2018	944,69	1.042,05	654,72	977,16	1.642,37	995,38	1.216,03	385,06
18/17	2,6	2,4	2,5	2,2	2,9	2,2	1,7	1,0
Galicia / España								
número								
2017	8,0	6,0	13,5	43,0	2,4	8,8	7,9	3,9
2018	7,9	6,0	13,2	43,2	2,4	8,8	8,3	3,9
importe medio								
2017	84,5	89,7	86,9	92,6	81,1	89,6	88,1	101,1
2018	84,6	89,7	86,8	92,6	80,9	89,9	89,7	101,4

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes
(2) Seguro obligatorio de vellez e invalidez
Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.6.

notablemente menor que o das pensións contributivas dos homes cuxo importe acada os 992,49 euros ao mes, un 14,6% inferior ao importe medio das pensións no conxunto do Estado.

O importe medio das pensións contributivas no réxime xeral foi de 934,70 €/mes (1.042,05 €/mes no conxunto do Estado) e de 568,00 €/mes no R.E de Autónomos (654,72 €/mes en España). É importante salientar que a pesar do elevado peso relativo das afiliacións ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos en relación ao conxunto do Estado, o seu importe medio é un 13,2% inferior á media estatal.

No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións descendeu a 54.680 (0,5% menos que no ano anterior) e o seu importe medio, tras unha medra do 2,2%, acada os 905,05 euros mensuais. A pesar de que en 2018 o 43,2% do total estatal de pensións contributivas neste réxime están localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia, o importe medio das mesmas sitúase un 7,4% por baixo da media estatal, porcentaxe similar á do ano anterior.

O incremento do 0,4% no total de pensións contributivas en Galicia no ano 2018, en relación ao ano anterior, (3.255 pensións contributivas máis), **cadro 4.3.6.**, é consecuencia do aumento das pensións do réxime xeral (8.702 pensións máis), incremento que compensa as caídas do número de pensións noutros réximes como o RETA, con 4.382 pensións menos, o SOVI, con 837 menos, ou o réxime especial do mar, con 280 menos.

No que á distribución segundo sexo e réxime se refire, o **cadro 4.3.7.** reflicte que o importe medio das pen-

Pensións contributivas en Galicia e España 2017-18: distribución segundo réxime e sexo (1)

Número de pensións

	2017				2018			
	Galicia		España		Galicia		España	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Réxime xeral	208.056,6	196.619,3	3.423.008,1	3.375.972,3	210.732,1	202.644,3	3.457.178,5	3.460.755,6
R. E. de traballadores autónomos	95.869,8	167.539,5	905.339,2	1.042.564,1	95.212,3	163.815,1	914.993,1	1.042.413,8
R. E. de traballadores do mar	32.213,5	22.746,8	74.050,0	53.823,2	31.856,3	22.823,5	73.069,1	53.364,6
R.E. da minería do carbón	909,9	653,7	41.003,3	24.570,4	896,2	675,1	40.768,9	24.246,5
R. E. de Empregados de Fogar	-	-	-	-	-	-	-	-
Accidentes de traballo	10.535,8	7.535,3	125.556,1	80.197,7	10.547,8	7.492,1	125.456,1	79.795,7
Enfermidades profesionais	1.723,9	1.214,9	19.322,1	17.886,8	1.791,9	1.221,2	18.920,1	17.524,8
SOVI (2)	3.269,1	9.811,8	34.479,5	296.870,2	2.969,5	9.273,8	31.382,5	282.484,1

Importe medio

	2017				2018			
	Galicia		España		Galicia		España	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Réxime xeral	1.097,5	716,7	1.236,3	795,3	1.122,4	739,5	1.262,4	821,9
R. E. de traballadores autónomos	650,7	500,1	750,7	541,6	667,8	510,0	768,6	554,8
R. E. de traballadores do mar	1.099,5	583,6	1.189,9	635,1	1.124,2	599,2	1.213,4	653,7
R.E. da minería do carbón	1.686,9	746,4	2.026,0	878,2	1.738,7	783,5	2.072,8	918,7
R. E. de Empregados de Fogar	-	-	-	-	-	-	-	-
Accidentes de traballo	969,8	737,6	1.079,8	807,9	992,6	756,4	1.100,9	829,5
Enfermidades profesionais	1.211,9	828,1	1.428,8	943,2	1.245,2	863,7	1.438,3	976,1
SOVI (2)	388,4	384,1	388,8	380,2	393,3	389,3	394,2	384,0

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de vellez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.7.

Pensionistas residentes en Galicia por 1.000 habitantes 2013 e 2017. Distribución segundo grao de urbanización

	2013			2017		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	235,6	243,4	228,3	245,1	253,9	236,9
ZDP	205,7	213,8	198,6	216,8	223,1	211,3
ZIP alta	202,0	215,8	188,8	213,4	228,2	199,2
ZIP baixa	225,2	237,1	213,9	236,3	252,0	221,4
ZPP alta	249,7	256,3	243,4	258,6	267,5	249,9
ZPP intermedia	294,3	300,1	288,6	306,2	315,4	297,2
ZPP baixa	342,2	333,6	350,6	350,6	344,6	356,6

(1) ZDP: Zona densamente poboada; ZIP: Zona intermedia; ZPP: Zona pouco poboada

Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

4.3.8.

sións é superior no caso dos homes que das mulleres nos distintos réximes, sendo especialmente significativos os casos do réxime xeral e o R.E. de traballadores autónomos. No primeiro caso, a pesar de que hai tan só unha diferencia en torno a seis mil pensións contributivas, o importe medio dos homes ascende a 1.122,42 euros fronte aos 739,50 euros das mulleres. No concernente aos traballadores autónomos, a pesar de que o número de pensións das mulleres é superior ao dos homes (1,7 veces máis) o importe medio das pensións das mulleres é de 599,23 euros cando entre os homes ascende a 667,77 euros (o cociente entre o importe medio das mulleres e o dos homes é de 0,8).

- **Panorama rural-urbano**

Os datos correspondentes ao ano 2017 (último dato dispoñible) reflicten que o número de pensionistas por cada mil habitantes residentes en Galicia que perciben unha pensión contributiva da Seguridade Social ascen-

deu a 245,1, sendo esta rateo superior no caso dos homes (253,9) que das mulleres (236,9).

Atendendo a súa desagregación segundo grao de urbanización, este indicador aumenta a medida que diminúe o grao de urbanización. Así, o número de pensionistas por cada mil habitantes residentes acada o seu valor máis elevado nas zonas pouco poboadas (ZPP), con 317,7 pensionistas por mil habitantes fronte aos 218,7 nas zonas intermedias e 216,8 nas zonas densamente poboadas.

Como se aprecia no **cadro 4.3.8.**, todos os subgrupos de urbanización presenta una rateo pensionistas/mil habitantes superior no caso dos homes que nas mulleres agás no caso das ZPP baixa, que é a zona menos poboada.

Outras prestacións do sistema

Dentro deste apartado analizaremos outras prestacións económicas do sistema, tanto de carácter contributivo como non contributivo. Dentro das prestacións contributivas destacan as de incapacidade temporal e as asociadas ao nacemento e coidado de menores: maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, e coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave. No que respecta ás prestacións económicas de carácter non contributivo, analízanse as pensións non contributivas de xubilación e viuvez, as prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e as prestacións familiares.

A incapacidade temporal é un subsidio que cubre a perda de rendas no período no que o traballador está incapacitado para traballar por enfermidade común ou accidente non laboral, enfermidade profesional ou accidente laboral, e recibe asistencia sanitaria na Seguridade Social. No conxunto do ano 2018 o número de procesos por incapacidade temporal en vigor ascende a 37.716, dos que o 87,6% era por continxencias comúns e o restante 12,4% por continxencias profesionais. Como se desprende dos datos recollidos no **cadro 4.3.9.**, Galicia presenta no último ano unha medra superior á do conxunto do Estado, en ambos os dous tipos de continxencias, sendo a taxa de variación interanual do 11,3% no caso das continxencias comúns (10,2% en España) e do 4,4% no das continxencias profesionais (4,3% no Estado). Pola contra, descende a duración media dos procesos con alta, que se sitúa en 60,4 días para as continxencias comúns e de 49,4 días para as continxencias profesionais, tempo moi superior ao rexistrado no conxunto de España (38,7 e 38,1 días, respectivamente).

Do total de traballadores en alta protexidos por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns en Galicia, **cadro 4.3.10.**, un 67,7% está cuberto por mutuas, un 30% polo INSS e un 2,3% polo ISM. A nivel estatal o peso relativo das mutuas é superior ao galego, situándose no 70,6% fronte ao 29,1% no caso do INSS e o 0,3% do ISM. No que respecta ás continxencias profesionais, a porcentaxe de traballadores cubertos por mutuas ascende ata o 90,1% en Galicia e ata o 94,7% de media no Estado.

No que respecta ás prestacións e axudas no ámbito da familia e a infancia, destacan as seguintes, tal como se observa no **cadro 4.3.11.**:

– Prestacións de maternidade: As prestacións económicas por maternidade tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren as traballadoras, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento legalmente establecidos. Ao longo do ano 2018 continúa o descenso do número de prestacións ao concederse un total de 12.789 prestacións de maternidade, 1.096 menos que no ano anterior, das que 12.502 serían percibidas pola nai e as restantes 287, un 2,2% do total, polo pai, porcentaxe lixeiramente superior á media estatal (1,9%).

– Prestacións de paternidade: Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a percibir un subsidio durante os días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento. A diferenza do acontecido

Incapacidade temporal: continxencias comúns e continxencias profesionais 2017-18

2018

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	14.345	3.730	3.034	11.932	33.041	541.716
Duración media dos procesos con alta	58,7	71,1	61,7	59,4	60,4	38,7
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	19,3	15,3	17,1	18,9	18,5	25,0
Continxencias profesionais						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	1.889	597	508	1.681	4.675	62.444
Duración media dos procesos con alta	48,2	61,2	49,0	47,5	49,4	38,1
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	3,5	3,0	3,7	3,8	3,6	3,5

2017

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	12.992	3.264	2.772	10.654	29.682	491.360
Duración media dos procesos con alta	60,0	76,9	66,6	63,8	63,6	39,0
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	17,5	14,2	15,1	17,4	16,9	22,8
Continxencias profesionais						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	1.821	619	465	1.571	4.476	59.891
Duración media dos procesos con alta	49,3	65,6	48,0	48,2	50,4	37,3
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	3,4	2,9	3,5	3,7	3,5	3,5

18/17 *(%)*

Continxencias comúns (1)	10,4	14,3	9,5	12,0	11,3	10,2
Continxencias profesionais	3,7	- 3,6	9,2	7,0	4,4	4,3

(1) Agás autónomos

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.3.9.

Traballadores protexidos por incapacidade temporal 2018 (1)

	Continxencias comúns		Continxencias profesionais	
	Galicia	España	Galicia	España
Total Sistema	832.602	16.377.935	836.715	15.926.204
INSS	249.488	4.758.050	71.704	826.846
ISM	19.254	41.952	11.014	14.908
Mutuas Colaboradoras	563.860	11.577.933	753.997	15.084.450

(1) Finais do período considerado

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.3.10.

Prestacións relacionadas co nacemento e os cuidados da primeira infancia 2018 (1)

	Galicia	España	G/E (%)
Prestación de maternidade (INSS)			
Nº de procesos	12.789	252.706	5,1
Percibidos pola nai	12.502	247.975	5,0
Percibidos polo pai	287	4.731	6,1
Prestación de paternidade (INSS)			
Nº de procesos	12.245	255.531	4,8
Risco durante o embarazo			
Nº medio mensual de procesos iniciados	369	6.896	5,4
Número de procesos en vigor ao final do período	1.192	21.348	5,6
Risco durante a lactancia natural			
Nº medio mensual de procesos iniciados	5	76	6,6
Número de procesos en vigor ao final do período	38	478	7,9
Coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave			
Nº medio mensual de procesos iniciados	148	3.136	4,7
Número de procesos en vigor ao final do período	298	5.464	5,5

(1) acumulado a decembro
Fonte: Seguridad Social

4.3.11.

no ano anterior, en 2018 redúcese o número de prestacións de paternidade concedidas en Galicia, acadando as 12.245 prestacións, 727 menos que no ano precedente, o que representa o 4,8% das prestacións en España.

– Prestacións por risco durante o embarazo: O seu obxectivo é cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2018 aumenta o número de procesos en vigor, tanto no que respecta ás traballadoras por conta allea (1.076 no último ano) como no caso das traballadoras por conta propia (116). Pola contra, mentres que a duración media dos procesos finalizados mantense no caso das traballadoras por conta allea en case 97 días de media, esta redúcese novamente nos procesos de traballadoras por conta propia ata os 69,5 días de media (72,6 días no ano anterior).

– Prestacións por risco durante a lactación natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. O número de procesos en vigor aumentou en Galicia ata os 38 procesos (ao igual que no ano anterior, cinco deles por conta propia), cunha duración dos procesos finalizados de 148,7 días para as traballadoras por conta allea e de 107,1 días para as por conta propia. Cómpre resaltar que en relación ao ano anterior rexístrase unha forte caída na duración dos procesos no caso dos procesos por conta propia (162,3 días no ano anterior), aumentando no caso das traballadoras pro conta allea (143,3 días).

– Prestacións por coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave: A efectos da prestación por coidado de menores afectados por cancro u outra enfermidade grave, considérase situación protexida a redución da xornada de traballo que leven a cabo as persoas proxenitoras, adoptantes e acolledoras de ca-

Beneficiarios de prestacións non contributivas nas CC.AA. 2017-18 (1)

	2017			2018
	Homes	Mulleres	Total	Total
Total				
Galicia	13.103	26.994	40.098	39.182
España	154.502	300.803	455.307	453.216
Invalidez				
Galicia	7.473	7.763	15.236	14.800
España	95.355	103.763	119.120	196.375
Xubilación				
Galicia	5.631	19.231	24.862	24.382
España	59.147	197.040	256.187	256.842

(1) medias anuais
Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.12.

rácter familiar preadoptivo ou permanente, cando ambas traballen, para o coidado do menor o seu cargo afectado por cancro u outra enfermidade grave. O número de procesos en vigor a final de 2018 en Galicia ascende a 298, o que representa o 5,5% do total estatal.

Pensións non contributivas

As **pensións non contributivas** aseguran a todos os cidadáns unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios, aínda que non teñan cotizado ou o teñan feito de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.

En 2018 segue a tendencia de redución no número de beneficiarios de prestacións non contributivas en Galicia. Tras unha caída do 2,3% respecto ao ano anterior (medra un 0,5% no conxunto do Estado), o número total de beneficiarios destas prestacións acada as 39.182 persoas (o 8,6% do total de persoas beneficiarias en España), o que sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana, Canarias e Madrid.


O descenso no número de beneficiarios afecta tanto as pensións de invalidez (2,9% menos respecto ao ano anterior) como de xubilación (1,9% menos). Tras esta caída, o 62,2% do total de beneficiarios de pensións non contributivas en Galicia teñen unha pensión de xubilación e o restante 37,8%, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas ascende a 360,13 euros para as pensións por xubilación, un 3% superior ao importe do ano anterior, e a 407,93 euros para as pensións por invalidez, un 2,8% máis que en 2017 (**cadro 4.3.13.**).

No concernente ao panorama rural-urbano, o **cadro 4.3.14.** reflicte o descenso da rateo pensións non contributivas por cada mil habitantes, situándose en 2017 en 19,4. Os calores máis elevados, tanto para os homes como para as mulleres rexístranse nas zonas pouco poboadas (21,3 pensións por cada mil habitantes). Asemade, cómpre resaltar que a rateo é sempre superior no caso das mulleres, duplicando practicamente o valor dos homes tanto nas zonas pouco poboadas como zonas intermedias.

As pensións asistenciais que son axudas económicas individualizadas de carácter periódico que poden darse por enfermidade ou por vellez, contan no ano 2018 só con sete persoas beneficiarias en Galicia, unha menos que no ano anterior, todos eles por enfermidade.

No concernente ás **prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade** que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa


Promedio mensual das pensións non contributivas 2008-18: distribución segundo clase de pensión (1)



(1) medias anuais, en euros
Fonte: IMSERSO, *Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez*

4.3.13.

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes 2008-17 (1)



	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Total	20,2	19,9	19,7	19,2	19,5	20,2	20,0	20,0	20,1	19,4
ZDP	17,5	17,4	17,8	17,4	18,3	19,7	20,1	20,4	20,9	20,3
ZIP	18,3	18,1	17,7	17,3	17,5	18,2	17,9	17,9	18,1	17,2
ZPP	25,8	25,1	24,3	23,7	23,4	23,4	22,7	22,1	21,7	21,3
Homes	12,8	12,8	13,0	12,8	13,3	14,1	14,0	13,9	14,3	13,7
ZDP	12,3	12,5	13,3	13,2	14,3	15,5	15,8	15,9	16,6	16,1
ZIP	10,4	10,5	10,5	10,5	10,8	11,6	11,3	11,3	11,7	11,1
ZPP	16,4	16,2	15,8	15,4	15,2	15,6	15,1	14,7	14,7	14,3
Mulleres	27,1	26,5	25,9	25,1	25,3	25,9	25,7	25,7	25,6	24,8
ZDP	22,2	21,8	21,9	21,1	21,9	23,4	23,8	24,2	24,7	24,0
ZIP	25,9	25,4	24,7	23,9	23,9	24,5	24,2	24,3	24,2	23,1
ZPP	34,9	33,8	32,7	31,9	31,4	31,0	30,1	29,4	28,7	28,1

(1) Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).
Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

4.3.14.

Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2017-18

2017

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	764	291	120	99	254	26.181
familias numerosas	471	175	81	62	153	19.923
familias monoparentais	278	112	38	36	92	6.015
familias con nais discapacitadas	15	4	1	1	9	243

2018

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	710	267	105	64	274	27.455
familias numerosas	434	165	54	41	174	20.771
familias monoparentais	259	97	49	21	92	6.417
familias con nais discapacitadas	17	5	2	2	8	267

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.3.15.

(SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT).

Estas prestacións descenden de xeito continuado nos últimos anos, tendencia que no ano 2018 reflíctese nunha caída do 13,8% en relación ao ano anterior, cinco décimas por riba do rexistrado no conxunto do Estado. O número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) foi en Galicia de 349 persoas, o que supón o 2,7% do total estatal.

No que respecta ás prestacións familiares, estas están destinadas a cubrir a situación de necesidade económica ou de exceso de gastos que produce, para determinadas persoas, a existencia de responsabilidades familiares e o nacemento ou adopción de fillos en determinados casos. Inclúen as asignacións de pago periódico por fillo ou menor acollido a cargo e as prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo en caso de familias numerosas, monoparentais ou en casos de nais discapacitadas.

As prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo, nos supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ao 65%, esixen, na maioría dos casos, acreditar un límite de ingresos. Esta prestación abóase nun pago único cunha contía de 1.000 euros, sempre que os ingresos do beneficiario non rebasen os límites establecidos para cada caso. O **cadro 4.3.15.** mostra que en Galicia hai 710 beneficiarios deste tipo de prestacións no ano 2018, o 2,6% do total estatal, dos que o 61,1% pertencen a familias numerosas (75,7% en España).

Outra modalidade, neste caso con carácter de pago periódico, son as prestación non contributivas a familias con fillos con discapacidade. No ano 2018 en Galicia había un total de 21.152 causantes con discapacidade, dos que 10.387 teñen unha discapacidade igual ou maior ao 65%, 5973, igual ou superior ao 33% e 4.791 persoas unha discapacidade maior ao 75%.

Prestacións por desemprego

O número de beneficiarios de prestacións por desemprego redúcese novamente no último ano, experimentando unha caída en Galicia do 4% en relación ao ano anterior, sendo este descenso case un punto por riba da media no conxunto do Estado (3,1%). En 2018 hai rexistradas en Galicia un total de 89.083 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego, case 3.700 menos que no ano anterior, o que representa o 4,9% do total estatal (**cadro 4.3.16.**).

A pesar desta caída do número total de beneficiarios

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2017-18 (1)

		2017		2018	
		Galicia	España	Galicia	España
Beneficiarios					
totais		92.752	1.894.209	89.083	1.835.488
prestación contributiva		40.804	768.928	42.300	806.949
subsidio		40.214	775.652	39.179	771.294
renta activa de inserción		9.406	182.819	7.576	151.171
subsidio eventuales agrarios		-	111.330	-	105.297
programa de activación para o emprego		2.328	55.480	28	777
Paro rexistrado	*(en medias anuais)*	194.428	3.507.743	174.651	3.279.079
Paro rexistrado sen emprego anterior	*(en medias anuais)*	16.505	307.594	15.175	287.087
Taxas cobertura (2)					
total		52,13	57,20	55,86	59,26

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:


beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral +beneficiarios subsidios agrarios)

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Traballo, Migraciones y Seguridad Social

4.3.16.

Prestacións por desemprego, paro rexistrado e taxa de cobertura 2009-18 (1)



(1) Taxas de variación interanual. Datos a 31 de decembro de cada ano.

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Traballo, Migraciones y Seguridad Social

4.3.17.

de prestacións por desemprego, no último ano rexístrase unha medra no número de perceptores de prestacións contributivas, reducíndose por contra tanto os beneficiarios de subsidios como os da renda activa de inserción e en maior medida, dos beneficiarios do programa de activación para o emprego destinados a persoas desempregadas de longa duración e que teñen unha duración máxima de seis meses para cada beneficiario.

Ao igual que no ano anterior, en 2018 rexístranse máis beneficiarios de prestacións contributivas que de subsidios, de xeito que o 47,5% dos beneficiarios da prestación por desemprego teñen dereito a prestación contributiva e o 44% a subsidio (44% e 43,7%, respectivamente, no exercicio anterior).

Os beneficiarios de prestacións contributivas aumentaron no último ano un 3,7% para situarse nos 42.300 beneficiarios, o que representa o 5,2% do total estatal. Fronte a este incremento, o descenso máis acusado prodúcese no caso dos beneficiarios do programa de activación para o emprego (PAE), que pasa de 2.328 no ano 2017 a tan só 28 persoas que se benefician deste programa en 2018, influenciado en parte polo feito da extinción do PAE o 30 de abril de 2018 (con data de efectos de 5 de agosto, o RD-Lei 8/2018, de 3 de agosto, posibilita a reincorporación ao programa, unha vez cumprida a data de extinción, daquelas persoas que causaran baixa temporal no mesmo por algún dos motivos contemplados: colocación por conta allea ou propia, ou perda do requisito de rendas ou responsabilidades familiares, durante os períodos de tempo determinados). Asemade, o descenso entre os beneficiarios da renda activa de inserción foi do 19,5% (1.830 beneficiarios menos) e o de subsidios, un 2,6% (1.035 beneficiarios menos).

A diferenza do acontecido no ano anterior, este ano o descenso do número de beneficiarios prodúcese en todas as provincias agás en Ourense, que presenta unha lixeira medra (77 beneficiarios máis) influenciado pola evolución das prestacións contributivas por desemprego e dos subsidios. Tanto en termos absolutos como relativos, a provincia da Coruña é a que presenta o maior descenso, cunha caída do 5,7% (2.044 beneficiarios menos), seguido por Lugo, cunha reducción do 4,3% (426 persoas menos) e Pontevedra, co 3,5% (1.276 beneficiarios menos). Tras esta evolución, Pontevedra concentra o 39,6% dos beneficiarios fronte ao 38,3% na Coruña e o 11,4% e 10,6% en Ourense e Lugo, respectivamente.

Atendendo á distribución provincial segundo tipo de prestación, o devandito incremento de beneficiarios de prestacións contributivas para o desemprego prodúcese en todas as provincias agás na Coruña, que presenta unha caída do 0,6% (97 beneficiarios menos). Por contra, Ourense presenta a maior taxa de variación interanual, cunha medra do 11,4% (447 beneficiarios máis) fronte á 7% de Pontevedra (1.971 persoas) e o 1,7% de Ourense (75 beneficiarios máis).

O 4,3% dos beneficiarios das prestacións por desemprego en Galicia son estranxeiros, porcentaxe significativamente inferior á do conxunto do Estado, que ascende ata o 11%. No último ano, un total 3.804 beneficiarios son de nacionalidade estranxeira, o 1,9% do total estatal, dos que 2.201 pertencen a países non comunitarios e os restantes 1.603 son comunitarios.

Un dos principais indicadores para medir o alcance do sistema de protección é a taxa de cobertura, definida como a porcentaxe de parados con experiencia laboral que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. Como se observa no **gráfico 4.3.17.**, a taxa de cobertura en Galicia aumenta no ano 2018 ata o 55,9% (59,3% no conxunto do Estado), a taxa máis elevada dende o comezo da recuperación económica, situándose esta porcentaxe 27 puntos porcentuais por baixo da taxa existente antes da crise económica.

Renda mínima de inserción

A renda de inclusión social de Galicia (Risga) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia

Risga e Axudas de Inclusión Social 2017-18: beneficiarios e pagos

Risga (1)

	beneficiarios						importes medios	
	2017			2018				
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	2017	2018
Total	4.007	6.364	10.371	3.835	6.328	10.163	439,78	439,16
A Coruña	1.103	1.845	2.948	1.137	1.880	3.017	451,73	446,62
Lugo	442	852	1.294	462	835	1.297	445,71	442,87
Ourense	521	774	1.295	448	726	1.174	446,42	443,97
Pontevedra	1.941	2.893	4.834	1.788	2.887	4.675	429,12	432,11

AIS (2)

	axudas concedidas						importes medios	
	2017			2018				
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	2017	2018
Total	923	1.700	2.623	1.066	1.847	2.913	1.131,80	1.057,94
A Coruña	199	387	586	205	338	543	1.151,76	1.056,73
Lugo	118	259	377	134	309	443	1.280,36	1.156,79
Ourense	234	360	594	275	445	720	1.264,40	1.167,20
Pontevedra	372	694	1.066	452	755	1.207	994,39	957,03

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano
(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas
Fonte: Consellería de Política Social

4.3.18.

(Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia).

O número total de persoas beneficiarias da Risga volve a descender no ano 2018, acadando a 31 de decembro dese ano as 10.160 persoas beneficiarias, un 2% menos que na mesma data do ano anterior (211 beneficiarios menos). A contía básica para un titular é do 75% del IPREM, cun límite máximo para 7 convivintes, do 120% do IPREM no caso de non existir menores e do 135% con menores. A duración da percepción desta renda é de 12 meses. No último ano o importe medio da axuda permaneceu practicamente igual, ascendendo a 439,29 euros mensuais.

A diferenza do acontecido no ano anterior, o devandito descenso de beneficiarios rexístrase tan só no sur de Galicia. Tal como se observa no **cadro 4.3.18.**, o descenso máis acusado en termos relativos rexistrouse en Ourense, cunha caída do 9,3% (121 persoas menos), fronte ao 3,3% no caso de Pontevedra (160 beneficiarios menos). Pola contra, o número de beneficiarios aumenta lixeiramente na provincia de Lugo (0,2% e 3 beneficiarios máis) e na Coruña (2,3% e 67 persoas máis).

Xunto co descenso no número de beneficiarios, no ano 2018 tamén se reducen o número de solicitudes a resolver. Das 7.155 solicitudes para percibir a Risga no último ano, 5.808 solicitudes foron presentadas en 2018 (231 menos que en 2017) e as restantes 1.221 eran solicitudes pendentes do ano anterior (105 solicitudes a resolver máis). O **cadro 4.3.19.** mostra como das devanditas 7.029 solicitudes presentadas, resolvéronse 6.211 solicitudes (275 máis que no ano precedente), das que 3.853 foron estimadas, o 62% do total (59,7% no ano 2017).

As axudas de inclusión social, tamén reguladas na citada Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas, así como atender as situación de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social. As axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, a financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos

Risga e Axudas de Inclusión Social 2017-18: solicitudes

	2018								
	Total			Risga			AIS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Solicitudes a resolver	5.079	8.021	13.100	2.888	4.139	7.027	2.191	3.882	6.073
presentadas no ano	4.044	6.389	10.433	2.396	3.412	5.808	1.648	2.977	4.625
pendentes do ano anterior	1.035	1.632	2.667	492	727	1.219	543	905	1.448
Solicitudes resoltas	4.312	6.694	11.006	2.571	3.643	6.214	1.741	3.051	4.792
estimadas	2.733	4.033	6.766	1.667	2.186	3.853	1.066	1.847	2.913
desestimadas e/ou arquivadas	1.579	2.661	4.240	904	1.457	2.361	675	1.204	1.879
Solicitudes present. / resoltas *(%)*	84,9	83,5	84,0	89,0	88,0	88,4	79,5	78,6	78,9

	2017								
	Total			Risga			AIS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Solicitudes a resolver	5.164	7.787	12.951	3.083	4.072	7.155	2.081	3.715	5.796
presentadas no ano	4.296	6.405	10.701	2.616	3.423	6.039	1.680	2.982	4.662
pendentes do ano anterior	868	1.382	2.250	467	649	1.116	401	733	1.134
Solicitudes resoltas	4.129	6.155	10.284	2.591	3.345	5.936	1.538	2.810	4.348
estimadas	2.498	3.667	6.165	1.575	1.967	3.542	923	1.700	2.623
desestimadas e/ou arquivadas	1.631	2.488	4.119	1.016	1.378	2.394	615	1.110	1.725
Solicitudes present. / resoltas *(%)*	80,0	79,0	79,4	84,0	82,1	83,0	73,9	75,6	75,0

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.19.

diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

Fronte ao descenso experimentado no ano anterior, as axudas de inclusión social concedidas no ano 2018 aumentaron un 11,1%, acadando as 2.913 axudas, 290 máis que no ano anterior. O importe destas axudas (pago único) descende un 6,5% respecto á mesma data do ano anterior, acadando ata os 1.057,94 euros (73,86 euros menos que no ano precedente). ❑

4.4.

Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Na última década o medio ambiente sitúase na primeira liña de aspectos a abordar nas distintas políticas públicas. Ante esta problemática artéllase unha resposta conxunta plasmada na aprobación no ano 2015 do Acordo de París sobre cambio climático e a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible. Estes acordos internacionais obrigan aos países e rexións a dotarse dun marco político e normativo propio e dos recursos orzamentarios suficientes para facelo efectivo.

Neste contexto, a análise do medio ambiente neste capítulo céntrase nos aspectos relacionados co cambio climático, a natureza e biodiversidade e a recollida de residuos sólidos.


Cambio climático

En setembro de 2015 no marco das Nacións Unidas apróbanse os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), que establecen propósitos en tres dimensións: o desenvolvemento económico, a inclusión social e a sostenibilidade ambiental. O último informe realizado por la Red de Soluciones para el Desarrollo Sostenible,presentado en xuño de 2019, sitúa a España no posto 21 entre 162 países en términos de desarrollo sostenible, atendendo ao valor do índice de desenvolvemento sostible. No último informe España acada un valor de 77,8%, lonxe dos países nórdicos como Dinamarca e Suecia que superan os 85 puntos.

España obtén os seus mellores resultados no ODS 6 (auga limpa e saneamento) e o ODS 7 (enerxía asequible e non contaminante). Asemade, o desempeño no ODS 3 (saúde e benestar) e o ODS 4 (educación de calidade) tamén é bastante positivo, aínda que se necesitan maiores esforzos para abordar as relativamente altas taxas de tabaquismo e garantir a igualdade de oportunidades para todos os grupos poboacionais. De xeito similar a outros países de altos ingresos, os altos niveis de emisións de CO_2 e a contaminación e as ameazas á biodiversidade esixirán grandes transformacións para alcanzar os obxectivos definidos para 2030.

A causa principal do quecemento global é o efecto invernadoiro, que está causado polos denominados gases de efecto invernadoiro (GEI). A nivel europeo, a Estratexia Europa 2020 sinala como obxectivos de sostenibilidade os de acadar, no ano 2020, unha redución

Índice de emisións de CO2 equivalentes en Galicia e España 1990-2017 (1)



(1) 1990 = 100
Fonte: Ministerio Ministerio para la Transición Ecológica, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

4.4.1.


das emisións de gases efecto invernadoiro do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.

Segundo os datos do Ministerio para a Transición Ecológica recollidos no *Inventario nacional de emisiones de contaminantes a la atmósfera*, as emisións de GEI aumentaron en Galicia ao longo do ano 2017 (último dato dispoñible) ata as 30,26 millóns de toneladas de CO_2 equivalentes, o que supón unha medra do 7% respecto das emisións do ano anterior (1,99 millóns de toneladas menos). En relación ao devandito obxectivo fixado para 2020, **cadro 4.4.1.**, as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia situáronse un 2,3% por riba do ano 1990, situándose non obstante como a cuarta comunidade autónoma con mellor comportamento respecto de 1990 tras Castela e León, Asturias e País Vasco.

Atendendo á distribución segundo sectores, o **cadro 4.4.2.** reflicte o desigual comportamento entre os distintos sectores. Dunha banda, no último ano as industria do sector enerxético e a combustión nas industrias manufactureiras e da construción presentan un forte incremento das súas emisións (16,9% e 20,3%, respectivamente), reducíndose un 2,3% no caso do transporte e en torno ao 1,5% no caso do sector de tratamento e eliminación de residuos e o denominado outros sectores (residencial, comercial…). Doutra banda, se se considera o período 1990 ata a actualidade, sectores como o transporte e a categoría de "outros sectores" rexistraron unha forte medra das súas emisións (52,7% e 44,5%, respectivamente), así como tamén o sector agrícola, cunha medra do 11,6%. Pola contra, reducíronse as emisións un 17,1% nas industrias do sector enerxético, así como un 13,4% no caso do sector do tratamento e eliminación de residuos e un 6,6% no que se refire ás actividades asociadas a procesos industriais.


Os datos proporcionados polo informe de emisións GEI en Galicia para o período 1990-2017 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destaca que das 30,26 Mt CO_2 equivalente emitidos en Galicia ao longo do ano 2017, 16,10 Mt (o 53,2%) proveñen de instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (sector directiva), correspondendo o 46,8% restante aos definidos como sectores difusos (14,16 Mt). Ao igual que no ano anterior, o comportamento do sector directiva e do sector difuso foi moi diferente xa que mentres que as emisións asociadas ao réxime de comercio de dereitos de emisión creceron un 13,8% respecto do 2016, as emisións dos sectores difusos experimentando un incremento do 0,3%.

Variacións das emisións GEI en 2017: distribución segundo sectores



4.4.2.

Emisións á atmósfera 2017: distribución segundo sector



(1) o sector difuso é o non regulado pola Directiva 2003/87/CE pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, *Informe emisións GEI en Galicia*

4.4.3.

Emisións de CO_2 2018

	Instalacións	Emisións			
		asignadas	declaradas		
			2018		18/17
		(t CO_2 eq)	*(t CO_2 eq)*	*(%)*	*(t CO_2 eq)*
Produción enerxía eléctrica	4	-	10.506.815	67,8	-670.052
Coxeración-combustión	26	417.773	1.210.720	7,8	29.730
Refino e produción de H2	2	960.227	1.286.878	8,3	-38.656
Produción de aceiro e ferroaleacións	5	523.165	588.091	3,8	53.044
Produción de aluminio	3	1.140.016	1.310.861	8,5	1.558
Produción de cemento, cal ou magnesita	2	379.930	313.036	2,0	7.983
Fabricación cerámica	1	2.958	6.832	0,0	2.023
Produción papel	2	55.171	120.597	0,8	4.788
Fabricación produtos químicos orgánicos	2	70.727	143.216	0,9	-380
Total	47	3.549.967	15.487.046	100	-609.962

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

4.4.4.

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2017: actividades e complexos contaminantes (1)

	actividades industriais	complexos industriais
Andalucía	51	528
Aragón	49	757
Asturias	28	71
Baleares	13	22
Canarias	17	45
Cantabria	30	56
Castela e León	44	725
Castela-A Mancha	40	379
Cataluña	63	1.344
C. Valenciana	47	475
Estremadura	27	85
Galicia	44	212
Madrid	38	181
Murcia	32	181
Navarra	36	196
País Vasco	42	219
A Rioxa	16	60
Cidade Autónoma de Ceuta	1	1
Total	618	5.537

(1) complexos que teñen datos de información pública
Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica
Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes (PRTR España)

4.4.5.

Os datos das inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005 (**cadro 4.4.4.**) mostran que no período de notificación de 2018, o volume total de emisións declaradas polas 47 instalacións afectadas pola devandita lei (unha menos que no ano anterior) descendeu ata as 15,5 millóns de toneladas de CO_2 , o que supón unha caída de 0,6 millóns de t CO_2 eq, en relación ao ano anterior. O 67,8% das emisións totais declaradas corresponden ao sector da produción de enerxía eléctrica, por diante do sector da produción de aluminio e do refino e produción de hidróxeno, co 8,5% e o 8,3% das emisións, respectivamente.

Os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes sinalan que no ano 2017 as actividades in-

Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2008-16 (1)

	España				Galicia			
	2008	2014	2015	2016	2008	2014	2015	2016
				(en millóns de euros)				
Total CNAE B, C e D	3.129,4	2.400,2	2.373,6	2.490,2	339,2	172,4	147,0	149,1
Investimento total	1.533,8	554,3	547,1	638,4	245,6	53,8	38,4	42,2
Equipos e instalacións independentes	686,7	195,0	292,0	389,6	75,9	8,3	8,7	9,2
Protección do aire e o clima	344,7	38,3	149,3	252,4	6,9	1,1	2,1	5,4
Xestión de augas residuais	156,3	43,7	33,3	40,1	23,5	1,4	1,0	2,2
Xestión de residuos	66,1	20,5	12,5	11,3	5,1	3,7	1,6	0,2
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	22,3	21,5	15,1	18,2	1,9	0,6	0,8	0,5
Reducción de ruídos e vibracións	15,3	1,5	2,4	2,9	0,3	0,0	0,2	0,1
Protección da biodiversidade e a paisaxe	75,4	60,8	62,3	48,8	36,9	0,7	2,3	0,3
Outras actividades de protección ambiental	6,7	8,7	17,1	16,0	1,4	0,7	0,7	0,5
Equipos e instalacións integrados	847,1	359,2	255,1	248,8	169,8	45,6	29,7	33,0
Protección do aire e o clima	479,3	256,7	170,7	176,2	127,3	37,4	14,4	20,7
Xestión de augas residuais	80,3	37,7	36,5	23,4	4,8	2,3	3,9	1,3
Xestión de residuos	77,8	43,4	26,0	25,4	3,8	3,7	5,4	8,8
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	18,9	10,6	13,6	9,6	2,7	1,7	4,8	1,0
Reducción de ruídos e vibracións	19,3	4,2	4,4	4,9	3,6	0,1	0,5	0,8
Outras actividades de protección ambiental	171,6	6,7	4,0	9,4	27,5	0,5	0,7	0,5
Gastos correntes	1.595,6	1.845,9	1.826,5	1.851,7	93,5	118,6	108,6	106,8
					39,1%	88,7%	66,2%	91,1%
C. Industria manufactureira	2.421,0	2.109,2	2.037,5	2.073,8	132,6	151,4	121,3	119,1
Investimento total	917,9	394,6	347,3	356,7	48,0	47,8	25,4	21,7
Equipos e instalacións independentes	406,8	107,7	114,6	141,0	14,4	4,4	4,1	8,2
Protección do aire e o clima	179,3	26,6	51,3	64,1	4,3	1,1	1,5	5,1
Xestión de augas residuais	125,3	37,8	31,0	38,2	7,0	1,3	1,0	2,2
Xestión de residuos	60,0	15,6	8,6	10,5	1,9	0,9	0,2	0,1
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	16,7	18,7	13,0	15,0	0,5	0,4	0,7	0,1
Reducción de ruídos e vibracións	13,6	0,7	1,5	2,8	0,2	0,0	0,1	0,1
Protección da biodiversidade e a paisaxe	7,4	0,9	0,7	2,3	0,1	0,1	0,0	0,2
Outras actividades de protección ambiental	4,5	7,4	8,5	7,9	0,5	0,5	0,6	0,5
Equipos e instalacións integrados	511,1	287,0	232,7	215,7	33,5	43,4	21,3	13,5
Protección do aire e o clima	249,2	190,8	154,6	153,1	20,6	36,3	11,0	5,6
Xestión de augas residuais	72,1	35,3	36,0	22,8	4,7	1,5	3,8	1,1
Xestión de residuos	75,5	41,8	24,5	21,2	3,5	3,3	4,0	5,1
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	10,6	9,0	9,5	6,6	0,5	1,6	1,3	0,7
Reducción de ruídos e vibracións	14,2	3,5	4,1	4,3	0,1	0,1	0,5	0,8
Outras actividades de protección ambiental	89,5	6,7	3,9	7,8	4,1	0,5	0,7	0,3
Gastos correntes	1.503,1	1.714,5	1.690,2	1.717,1	84,6	103,6	95,9	97,3

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009
Fonte: IGE

4.4.6.

dustriais contaminantes existentes en Galicia era 44, e 212 os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes. Galicia é a quinta Comunidade por número de actividades industriais contaminantes manténdose como a oitava en canto ao número de complexos industriais así clasificados con información pública (**cadro 4.4.5.**).

• Gasto das empresas en protección medioambiental

O gasto que realizan as empresas para reducir as emisións contaminantes pode tomarse como un indicador que permite avaliar os resultados das políticas medioambientais tanto no contexto nacional como internacional.

A diferenza do acontecido no ano anterior, o gasto da industria galega en protección ambiental aumenta no ano 2016 (último dispoñible) un 1,4% en relación ao ano anterior (2,1 millóns de euros menos), para situarse nos 149,1 millóns de euros. Este incremento ven motivado pola medra rexistrada no investimento total, tanto de equipos e instalacións independentes como integrados, que compensa a redución do gasto corrente. Como se deduce do **cadro 4.4.6.**, o investimento medra un 10,1% respecto ao ano anterior (3,9 millóns de euros máis) e os gasto correntes redúcense un 1,6% (1,8 millóns de euros). Tras esta evolución, o investimento total ascende a 42,2 millóns de euros e os gastos correntes a 106,8 millóns. Atendendo ao seu peso no conxunto do Estado, cómpre resaltar que mantense a tendencia descendente dos últimos anos, ao representar o gasto total das empresas galegas o 6% do total estatal fronte ao 7,4% de 2014 e o 10,8% de 2008.

O 78,2% do total investido pola industria en protección ambiental destínase a equipos e instalacións integradas

Superficie protexida como espacio natural protexido 2018

	Superficie terrestre protexida	Superficie marina protexida	Superficie total protexida	Superficie terrestre protexida / Sup. Total
		(%)		
Andalucía	1.733.295	51.697	1.784.992	20%
Aragón	164.074	-	164.074	3%
Cantabria	147.736	1.868	149.604	28%
Castela e león	796.427	-	796.427	8%
castela A mancha	584.152	-	584.152	7%
Cataluña	317.810	5.401	323.211	10%
Madrid	120.964	-	120.964	15%
Navarra	86.449	-	86.449	8%
C. Valenciana	250.683	14.137	264.820	11%
Estremadura	316.697	-	316.697	8%
Galicia	352.059	46.550	398.609	12%
Baleares	75.635	27.500	103.135	15%
Canarias	310.147	37.151	347.298	42%
A Rioxa	169.221	-	169.221	34%
País Vasco	102.294	3.934	106.228	14%
Asturias	219.890	4.078	223.968	21%
Murcia	61.849	120	61.969	5%
Aguas exteriores (AXE)	-	4.896.316	4.896.316	
Total	6.535.014	5.165.517	11.700.531	13%

Fonte: Europarc-España, *Anuario del estado de las áreas protegidas en España*

4.4.7.

no propio proceso produtivo, fronte ao 21,8% restante dedicado a equipos e instalacións independentes. Ao contrario do que acontece en Galicia, a nivel estatal predomina o investimento en equipos e instalacións independentes (61%) fronte ao destinado a equipos e instalacións integrados (39%).

Dende un punto de vista cuantitativo, o investimento en equipos integrados de emisións ao aire volve a acadar no ano 2016 o valor máis elevado, con 20,7 millóns de euros, cando no ano anterior este investimento ascendera a 14,4 millóns. Séguelle en importancia o investimento en equipos e instalacións integrados para a xestión de residuos, con 8,8 millóns de euros (5,4 millóns no ano anterior).

Dende o ano 2008 os investimentos en protección ambiental da industria tanto galega como estatal mostra un marcado descenso, tanto no que respecta a equipos independentes como integrados. No período 2008-16 o investimento das empresas en protección ambiental descendeu un 82,8% mentres que no conxunto do Estado esta redución foi do 58,4%. Fronte ao dito descenso, os gastos correntes en protección ambiental na industria aumentan en relación ao ano 2008 un 14,2% en Galicia e un 16,1% no conxunto do Estado.

Case o 80% do gasto das empresas galegas en protección ambiental corresponde ás industrias manufactureiras, dedicando un total de 129,1, millóns de euros, o que supón un descenso de 2,2 millóns. Estas empresas manufactureiras dedican ao investimento en protección ambiental un total 21,7 millóns de euros, o que representa tan só o 51,4% do total investido no tecido produtivo, en tanto que os gastos correntes ascenden a 97,3 millóns de euros, o 91,1% do gasto total galego.

Natureza e biodiversidade

Os espazos naturais protexidos son aqueles espazos ou ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego que dispoñen dun réxime especial de protección (Lei 9/2001, de Conservación da Natureza). Estes espazos, segundo os datos do último anuario Europarc-España 2018 representan en Galicia unha superficie total de 398.609 ha, o 3,4% do total estatal. Como reflicte o **cadro 4.4.7.**, se se considera tan só a superficie terrestre protexida (352.059 hectáreas) o seu peso relativo no total estatal ascende ata o 5,4%, manténdose como a sétima Comunidade con menor superficie

terrestre protexida en relación á súa superficie territorial total (12%).

Na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos están representados os principais ecosistemas, paisaxes ou hábitats galegos, e está constituída por aqueles espazos naturais da Comunidade Autonómica que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias así como convenios internacionais.

A dita Rede esta constituída por aqueles espazos protexidos declarados nalgunha das categorías seguintes:

- Seis parques naturais declarados (49.087 hectáreas);
- O parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas, con 8.332,8 ha (7.138 ha mariñas);
- Oito zonas declaradas como monumentos naturais por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular que suman en total 1.394 ha;
- Cinco humedais protexidos, cunha superficie de 7.709 ha;
- Dúas paisaxes protexidas, con 903 ha;
- 71 zonas de especial protección dos valores naturais, que abarcan unha superficie de 389.593 hectáreas.

En base á Directiva 92/43 CEE, de 21 de maio, relativa á Conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, no ano 2014 aprobouse o decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Na actualidade Galicia conta como espazos protexidos da Rede Natura 2000, con 59 ZEC e 16 zonas de especial protección das aves (ZEPA).

Fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos, cómpre mencionar dous tipos de espazos naturais protexidos: os espazos naturais de interese local (Xunqueira de Alba, Loio-Ruxidoira, Puzo de Lago, Voutureira, Illas de San Pedro, Río Garfos e o Ecosistema dunar praia América-Panxón e as Ribeiras do Mero-Barcés en proceso de información pública) e un espazo privado de interese natural, Sobreiras do Faro.

Ademais dos espazos protexidos pola Rede Galega, hai determinadas área que están protexidas por instrumentos internacionais, que son todos aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes. Dentro desta terceira categoría Galicia conta con tres figuras:

- Cinco Humidais de Importancia Internacional (Convenio Ramsar): o Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; as Rías de Ortigueira e Ladrido; o Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; a Lagoa e areal de Valdoviño; e a Ría do Eo.
- Seis áreas declaradas como reservas da biosfera, elemento fundamental do Programa MaB da UNESCO: Os Ancares lucenses e Montes Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Bourón; Terras do Miño; a Área de Allariz; a Baixa Limia- Serra do Xurés; e por último, As Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo.
- A rede OSPAR, relativa a áreas de protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. España aporta dúas zonas das 81 que forman parte da rede: parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia, con 8.480 hectáreas, e a área mariña protexida de El Cachuco, en Asturias, con 234.966 hectáreas.

Bosques e incendios forestais

Os datos publicados no Anuario de Estatística Forestal 2016 (publicado no ano 2019) reflicten que superficie forestal arborada en Galicia supera o 1.400.000 hectáreas, o que representa o 71,3% da superficie forestal galega e o 49,2% da superficie total. A importancia desta superficie forestal en comparación co que acontece no conxunto do Estado queda reflectida no feito de que ambas as dúas porcentaxes son superiores ás rexistradas en España, onde a superficie forestal arbo-

Incendios forestais en Galicia e España 2017-18 (1): sinistros e superficie afectada

2017

	sinistros		superficie afectada (2)		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada	superficie total
				(en has.)	
Galicia	2.302	947	29.278,3	32.623,3	61.901,7
A Coruña	485	129	1.116,9	1.140,1	2.256,9
Lugo	435	202	3.282,6	4.955,9	8.238,4
Ourense	897	488	11.428,7	18.880,5	30.309,2
Pontevedra	485	128	13.450,2	7.646,9	21.097,1
España	8.705	5.088	66.839,0	100.063,5	166.902,5
Galicia / España *(%)*	26,4	18,6	43,8	32,6	37,1

2018

	sinistros		superficie afectada (2)		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada	superficie total
				(en has.)	
Galicia	1.189	247	739,6	1.878,5	2.618,1
A Coruña	325	53	165,6	201,4	367,0
Lugo	156	42	61,0	379,6	440,5
Ourense	410	108	281,2	1.051,1	1.332,3
Pontevedra	298	44	231,9	246,4	478,3
España	5.154	1.989	4.739,0	16.745,4	25.162,4
Galicia / España *(%)*	23,1	12,4	15,6	11,2	10,4

(1) datos son provisionais
(2) non se inclúen pastos nin pradeiras
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

4.4.8.

rada representa o 66,1% da súa superficie forestal e un 36,3% da súa superficie total.

No que á propiedade se refire, cómpre mencionar que o 99% da superficie forestal arborada en Galicia é de propiedade privada (22% monte veciñal de man común e 77% privada e/ou propietario descoñecido) fronte ao 71,6% no conxunto do Estado (2,3% e 69,3%, respectivamente). Por contra, tan só o 1% é público en Galicia fronte ao 28,4% en España.


No que á xestión forestal eficiente se refire, o devandito anuario estatístico recolle que a superficie forestal ordenada ou suxeita a instrumentos de ordenación ascende en Galicia en 2016 a 212.594 hectáreas, o que representa o 10,4% da superficie forestal galega. Esta porcentaxe é inferior á media estatal, que ascende a 17,3% nese ano, situándose Navarra como a comunidade autónoma con maior protección, con case o 60% da súa superficie forestal ordenada, seguida de Cataluña, con aproximadamente o 40%.

No que á distribución da titularidade do monte suxeito a instrumentos de ordenación se refire, Galicia caracterízase polo predominio da superficie privada ordenada, que concentra o 90,8% da superficie ordenada (193.064 hectáreas) fronte ao 35,3% no conxunto do Estado. Asemade, cómpre resaltar que en Galicia o 64,6% da superficie forestal pública está ordenada (41,6% no conxunto e España) e no caso da propiedade privada esta porcentaxe sitúase no 9,7% (8,4% en España).

- **Incendios forestais**

Despois da vaga de incendios que se rexistrou en Galicia no mes de outubro de 2017, o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación estima que ao longo do ano 2018 arderon en Galicia 2.618,1 hectáreas, o 10,4% do total estatal. Segundo se reflicte no **cadro 4.4.8.**, a superficie afectada no ano anterior superou as 61.900 hectáreas, case 24 veces máis que en 2018. O 28,3% do total de superficie queimada na Comunidade Autó-


Evolución do número de conatos e incendios 2005-18



Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

4.4.9.

Evolución superficies forestais 2005-18



Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

4.4.910

noma estaba arborada situándose esta porcentaxe no 18,8% no conxunto do Estado (47,3% e 40% no ano anterior, respectivamente).

Ao longo do último ano declaráronse 1.436 sinistros (3.249 no ano anterior), dos que 1.189 teñen menos dunha hectárea e 247 afectan a unha superficie superior á hectárea. En relación ao conxunto do Estado, Galicia sufriu o 20,1% dos incendios rexistrados (23,6% no ano anterior), representando a superficie total queimada o 10,4% da superficie forestal total afectada polo lume a nivel estatal.

Ao longo do ano 2018 descenden en todas as provincias galegas tanto o número de sinistros como da superficie queimada, destacando a acusada redución do número de sinistros en Ourense e Lugo (867 e 439 menos que no ano anterior, respectivamente) así como a redución da superficie afectada tanto en Ourense, con case 29.000 hectáreas menos, e en Pontevedra, con aproximadamente 20.600 hectáreas menos. Como se indica no **cadro 4.4.9.**, tras esta evolución Ourense é a provincia con maior superficie queimada, con 1.332.3 hectáreas, o que representa o 50,9% do total galega, cando no ano anterior a superficie afectada superaba as 30.300 hectáreas. Séguelle Pontevedra, con 478,3 hectáreas (case 21.100 hectáreas en 2017), o que representa o 18,3% da superficie galega queimada.

Os **gráficos 4.4.9.** e **4.4.10.** mostran a evolución dos si-

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2015-16: distribución segundo tipo

	2015		2016		16/15	
	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente
	(en tm.)				(%)	
Andalucía	3.734.660	503.256	3.907.576	488.015	4,6	-3,0
Aragón	457.726	107.822	458.616	70.424	0,2	-34,7
Asturias	404.159	138.124	397.924	140.021	-1,5	1,4
Baleares	766.736	137.739	698.764	147.364	-8,9	7,0
Canarias	1.144.978	119.117	1.096.600	148.502	-4,2	24,7
Cantabria	260.450	50.366	264.089	48.838	1,4	-3,0
Castela e León	931.233	136.311	918.165	146.783	-1,4	7,7
Castela - A Mancha	862.862	75.897	881.455	89.445	2,2	17,9
Cataluña	2.377.337	1.177.821	2.440.229	1.099.049	2,6	-6,7
Comunidade Valenciana	1.910.187	277.192	1.937.324	272.449	1,4	-1,7
Estremadura	409.772	88.226	416.117	69.949	1,5	-20,7
Galicia	940.480	202.545	945.835	164.769	0,6	-18,7
Madrid	1.979.512	349.317	2.077.644	394.312	5,0	12,9
Murcia	600.715	79.349	624.223	69.291	3,9	-12,7
Navarra	161.588	134.680	165.385	124.270	2,3	-7,7
País Vasco	668.201	277.954	670.781	316.442	0,4	13,8
A Rioxa	106.096	20.815	107.762	30.323	1,6	45,7
Total	17.753.549	3.892.745	18.052.075	3.826.298	1,7	-1,7

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.11.

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2015-16: distribución segundo tipo de residuo producido

	2015				2016			
	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos
				(en tm)				
Andalucía	3.734.660	100.815	95.057	80.176	3.907.576	101.816	99.622	81.932
Aragón	457.726	22.445	17.676	16.343	458.616	25.012	17.778	15.838
Asturias	404.159	56.253	33.197	10.476	397.924	62.374	37.945	10.867
Baleares	766.736	40.223	31.759	18.842	698.764	43.425	36.051	20.774
Canarias	1.144.978	31.543	33.225	16.990	1.096.600	33.094	35.939	18.950
Cantabria	260.450	9.640	10.999	5.277	264.089	5.050	11.212	5.495
Castela e León	931.233	43.442	40.826	21.066	918.165	44.676	44.175	22.562
Castela - A Mancha	862.862	24.356	20.630	18.582	881.455	26.665	20.555	18.780
Cataluña	2.377.337	298.134	158.878	129.526	2.440.229	273.028	170.831	130.925
C. Valenciana	1.910.187	54.032	80.869	42.150	1.937.324	62.387	82.254	43.424
Estremadura	409.772	40.151	8.003	10.798	416.117	34.629	9.559	11.320
Galicia	940.480	32.591	39.743	22.123	945.835	34.402	41.253	22.893
Madrid	1.979.512	86.451	78.430	123.505	2.077.644	88.078	81.820	128.170
Murcia	600.715	13.814	23.450	13.466	624.223	17.864	24.485	14.860
Navarra	161.588	26.057	15.871	20.101	165.385	26.684	15.959	20.542
País Vasco	668.201	117.879	58.948	38.244	670.781	128.576	59.178	39.679
A Rioxa	106.096	7.605	7.532	4.688	107.762	7.991	8.784	4.780
Total	17.753.549	1.008.959	755.608	592.353	18.052.075	1.021.166	797.928	611.790

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.12.

Xeración de residuos en Galicia: 2012-16

	2012	2013	2014	2015	2016
		(en Tm.)			
Minería e extracción	233.402	257.231	286.828	314.387	217.049
Sector primario e alimentario	81.238	94.870	106.067	102.191	125.860
Sector madeira e papel	24.531	27.417	36.307	22.135	35.470
Coiro e téxtil	2.018	1.904	2.039	2.797	2.829
Petróleo, gas natural e carbón	4.860	1.298	5.599	787	242
Procesos químicos inorgánicos	4.127	5.190	4.370	4.856	5.498
Procesos químicos orgánicos	771	1.361	764	1.277	1.449
Pinturas, adhesivos e tintas	9.035	9.017	8.106	10.782	11.204
Industria fotográfica	342	352	212	182	257
Procesos térmicos	505.215	394.427	373.788	495.124	439.397
Tratamento químico superficies	6.293	7.919	9.618	7.782	11.841
Tratamento físico superficies	118.825	127.408	101.471	102.765	90.654
Residuos aceitosos	40.273	45.442	46.655	51.365	56.850
Disolventes	616	734	652	648	678
Envases e absorbentes	89.855	113.590	118.311	87.614	104.356
Outros	141.238	149.281	132.122	134.456	110.119
Construción e demolición	530.578	520.994	759.818	1.053.440	1.360.667
Servizos médicos	11.793	10.485	10.514	10.313	12.159
Tratamento de residuos e auga	344.342	286.815	405.128	465.786	464.827
Residuos domésticos asimilables	8.291	2.571	3.022	8.130	5.766
Total	2.157.643	2.058.306	2.411.391	2.876.817	3.057.172

Fonte: *Cª de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.*

4.4.13.

nistros e da superficie queimada no período 2005-2018. Así, obsérvase como os datos de incendios rexistrados e da superficie queimada sitúase no último ano moi por baixo da media dos últimos 14 anos.

Residuos sólidos urbanos

Segundo os datos da *Enquisa sobre recollida e tratamento de residuos* do INE, Galicia presenta, a diferenza do acontecido no ano anterior, un descenso da cantidade de residuos sólidos urbanos (RSU) recollidos, o que contrasta co comportamento rexistrado no conxunto do Estado. Como se desprende do **cadro 4.4.11.**, en 2016 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia un total de 1,1 millón toneladas, o 5,1% do total estatal, o que supón unha redución do 2,8% respecto ao ano anterior (medra un 1,1% en España). En termos anuais por habitante, a diferenza do que acontece en España, Galicia presenta unha redución do volume de quilogramos por habitante, recolléndose en 2016 un total de 409,4 kg, case 62 kg menos que a media estatal (471 kg), cando no ano anterior a contía recollida foi de 419,4 kg.

Atendendo á desagregación segundo tipo de residuos, a devandita caída na Comunidade Autónoma prodúcese no caso dos residuos recollidos selectivamente, ao reducirse o seu volume nun 18,7% fronte ao incremento do 0,6% nos residuos mezclados. O conxunto do Estado presenta un comportamento similar, se ben a caída dos residuos recollidos selectivamente foi dun 1,7% e o incremento dos residuos urbanos, do 1,7%.

No **cadro 4.4.12.** móstrase a evolución por tipo de residuo. Ao igual que acontece no conxunto do Estado, no ano 2016 increméntase o volume de residuos domésticos, o papel e cartón e o vidro, fronte ao descenso na recollida de envases mixtos. Nese último ano, recolléronse 945.835 toneladas de residuos domésticos, o que supón unha medra do 0,6% respecto ao ano anterior, ascendendo a 41.253 toneladas no caso do vidro (3,8% máis que en 2015) e a 34.402 toneladas de papel e cartón (5,6% máis).

Segundo datos da Sociedade Galega de Medio Ambiente, no ano 2017 (último dato dispoñible) reciclároronse 99.000 toneladas de residuos, valorizároronse enerxeticamente 550.000 toneladas e depositároronse

Instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia 2017

	Instalacións (nº)	Capacidade máxima (en Tm.)
Almacenamento (1)	201	113.511
Clasificación	88	1.128.689
Valorización	369	9.898.556
Eliminación (2)	29	169.389
Total	687	11.310.145

(1) Capacidade en toneladas máximas de residuos que se poden almacenar nas instalacións

(2) Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros

Fonte: *Cª de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.*

4.4.14.

en vertedoiros 252.000 toneladas de residuos.

Residuos industriais

[Non hai datos actualizados. Decidir que facer]

O Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016- 2022 (en diante PRIGA) dá continuidade ao Plan de xestión de residuos e solos contaminados de Galicia 2000-2006 e incorpora a Directiva marco de residuos que obriga a establecer plans e programas de xestión de residuos así como a elaborar programas de prevención, cunha finalidade de romper o vínculo entre crecemento económico e xeración de residuos.

A diagnose da situación actual incluída no plan determina que, no ano 2016 (último dato consolidado), xeráronse en Galicia 3,1 millóns de toneladas de residuos (**cadro 4.4.13.**), dos que os residuos de construción e demolición (RCD) son os de maior xeración (44,5%) seguidos dos residuos procedentes do tratamento de residuos e auga e dos procesos de tratamento térmico, en torno ao 15% do total en ambos casos.

As instalacións autorizadas na actualidade, tanto de residuos perigosos coma non perigosos, en función da súa tipoloxía e capacidade móstranse no **cadro 4.4.14.** Existen 201 instalacións de almacenamento cunha capacidade máxima de 113.000 toneladas, 88 instalación de clasificación con 1,1 millóns de toneladas/ano de máximo, 369 instalacións de valorización (9,9 millóns de t/a) e 29 instalacións de eliminación (169 mil t/a). ❑

4.5.

Ocio e cultura

A análise da situación da cultura e ocio en Galicia realízase a través do estudo das denominadas magnitudes transversais e dos dominios culturais. por magnitudes transversais enténdese todas aquelas operacións estatísticas que afectan a diferentes sectores culturais, e por dominios culturais ou magnitudes sectoriais, aquelas que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, tales coma os bens culturais, libros e publicacións periódicas ou artes musicais, entre outras.

A distribución funcional do orzamento de gastos da Administración Xeral recollida nos orzamentos para o ano 2019 amosa que, dentro da produción de bens públicos de carácter social, o crédito dedicado a cultura (función 43) aumenta un 3,3% respecto ao dedicado no ano anterior, acadando os 69 millóns de euros (2,3 millóns máis).

Indicadores transversais

Neste apartado analízanse os indicadores que afectan a diferentes sectores ou actividades culturais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

- **Emprego e empresas culturais**

Segundo os datos do Ministerio de Cultura e Deporte o número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia ascendeu no último ano a 35.000, o que representa o 5,1% do emprego cultural no conxunto do Estado, o valor máis reducido nos últimos seis anos. Tras dous anos de incrementos na ocupación, **cadro 4.5.1.**, o emprego neste sector descende en Galicia un 3,8% (1.400 persoas menos), o que contrasta coa medra do 0,5% experimentada no conxunto do Estado.

O tecido empresarial no ámbito das actividades culturais engloba a todas as empresas cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos, entre outras. No

Emprego cultural nas CC.AA. 2012-18 (1)

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
				(miles)			
Andalucía	60,7	61,3	73,6	71,5	80,4	90,6	94,4
Aragón	11,5	10,9	15,2	17,0	16,2	12,4	13,2
Asturias	9,6	8,7	9,4	10,3	11,4	11,6	10,9
Baleares	13,5	16,9	16,4	17,5	17,6	22,4	19,2
Canarias	17,3	15,2	18,0	24,0	20,9	23,9	25,6
Castela - A Mancha	15,8	17,1	17,2	17,4	20,0	17,8	21,4
Castela e León	24,4	21,8	21,9	22,7	25,1	23,0	23,4
Cataluña	116,4	130,2	136,8	127,6	139,7	154,6	147,5
Comunidade Valenciana	54,1	52,3	53,7	59,0	55,4	57,0	68,1
Galicia	26,8	30,3	33,2	32,6	35,9	36,4	35,0
Madrid	150,1	142,3	140,0	150,8	160,6	165,9	161,9
Murcia	12,1	13,1	13,0	11,9	12,4	12,2	13,9
Navarra	8,4	7,9	9,2	9,3	8,7	7,7	8,4
País Vasco	31,0	26,5	27,0	29,4	34,9	32,1	29,9
Cantabria, Extremadura, A Rioxa, Ceuta e Melilla	17,5	18,3	17,3	16,3	17,3	19,7	17,6
Total	569,2	572,6	602,0	617,1	656,3	687,2	690,3

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquiveiros, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de video, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Empleo cultural*

4.5.1.

Empresas culturais nas CC.AA. 2008 e 2016-17: distribución segundo actividade económica principal (1)

	2008		2016		2017	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Total empresas	5.801	111.631	6.252	115.955	6.397	118.407
En determinadas actividades da industria e dos servizos	3.805	83.180	4.741	93.093	4.944	96.361
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	76	1.391	243	5.589	214	4.625
Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	332	8.487	343	7.951	324	7.701
Cinematografía, vídeo, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	417	10.297	334	8.951	330	9.077
Axencias de novas	1	83	1	99	2	80
Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	1.207	25.267	1.870	33.500	2.069	36.532
Fotografía	573	10.489	690	11.082	706	11.876
Actividades de traducción e interpretación	327	7.669	360	8.450	395	8.949
Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	786	17.700	710	13.813	712	13.763
Edición de videoxogos	..	..	-	48	3	92
Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	26	347	25	331	24	347
Fabricación de artigos de xoieería e artigos similares	..	-	101	1.808	92	1.801
Educación cultural	60	1.450	64	1.471	73	1.518
En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.996	28.451	1.511	22.862	1.453	22.046

(1) A partir de 2016 inclúense a Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares e a Edición de videoxogos (códigos 3212 e 5821 da CNAE 2009).

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

4.5.2.

Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2015-16

		2015		2016	
		Galicia	España	Galicia	España
Total	*(en miles de euros)*	83.423	1.080.935	72.686	1.054.331
Gasto / gasto liquidado total	*(%)*	0,82	0,60	0,70	0,58
Gasto / PIB		0,15	0,10	0,12	0,09
Gasto / habitante	*(en euros)*	30,50	23,30	26,70	22,70
Actividades					
Bens e servizos culturais	*(en miles de euros)*	48.486	431.108	28.223	331.608
Artes plásticas, escénicas e musicais		92	244.827	100	251.395
Libro e audiovisual		-	52.164	-	51.338
Interdisciplinar e non distribuído		34.846	352.837	44.363	419.939

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*.

4.5.3.

ano 2017, último dato dispoñible, Galicia contaba cun total de 6.397 empresas culturais rexistradas, 145 máis que no ano anterior, manténdose o seu peso relativo no total estatal no 5,4%.

Atendendo á súa distribución segundo actividade económica principal, o **cadro 4.5.2.** amosa como, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o devandito incremento prodúcese no conxunto de actividades da industria e dos servizos culturais (203 empresas máis en Galicia) en detrimento daquelas empresas centradas nas actividades de comercio e aluguer de bens culturais (58 empresas menos). Tras esta evolución, as actividades da industria e dos servizos abranguen o 77,3% das empresas culturais en Galicia (81,4% en España), entre as que salientan as dedicadas ao "deseño, creación, artísticas e de espectáculos", con 2.069 empresas (o 32,3% das empresas culturais galegas), así como as actividades de "artes gráficas e reprodución de soportes gravados" e "fotografía", con 712 e 706 empresas, respectivamente (o 11% das empresas culturais cada actividade).

• Financiamento e gasto público en cultura

A distinción entre o carácter público e privado do gasto realízase tendo en conta a natureza do financiador e non a do receptor. Así, considérase gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado á cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas.

Segundo os datos recollidos no Anuario de Estadísticas Culturales 2018 do Ministerio de Cultura y Deporte, tras o forte incremento experimentado no ano 2015, o gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega en 2016 (último dato dispoñible) descendeu ata os 72,7 millóns de euros, o que supón o 6,9% do gasto no conxunto do Estado, porcentaxe superior ao peso que representa tanto a poboación como a actividade económica galega. En relación ao ano anterior, este gasto público en cultura descendeu en Galicia un 12,9% (10,7 millóns de euros) porcentaxe máis de dez puntos superior á rexistrada en España (-2,5%).

A pesar da devandita maior caída, o seu peso no PIB e no total do gasto liquidado segue a ser superior en Galicia que no conxunto do Estado. Como reflicte o **cadro 4.5.3.**, o gasto liquidado en cultura representa o 0,12% do PIB galego (0,09% no Estado) e o 0,70% do gasto liquidado total (0,58% en España). Asemade, cómpre mencionar que o gasto per cápita en Galicia situouse nos 26,70 euros, importe aínda superior ao do conxunto do Estado, que acada os 22,70 euros.

Atendendo á desagregación do gasto segundo actividade principal, o devandito incremento do gasto total, ven explicado na súa totalidade pola evolución do gasto nas actividades incluídas dentro do apartado "bens e servizos culturais", que presenta unha caída de case o 42% (20,3 millóns de euros menos). Por contra, o gasto nas actividades denominadas "interdisciplinar e non

Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2016-17

		2016		2017	
		Galicia	España	Galicia	España
Total		696,6	14.099,4	650,8	13.298,4
libros e publicacións periódicas	*(en millóns de euros)*	149,4	3.129,7	131,2	2.687,9
servizos culturais		87,3	2.562,7	82,8	2.542,4
equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento de información		178,4	3.206,1	174,6	3.183,9
telefonía móbil e servizos relacionados coa Internet		281,5	5.200,9	262,2	4.884,2
gasto / habitante	*(en euros)*	258,40	306,70	242,30	288,60
gasto / fogar		640,60	764,40	597,20	718,30

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, A*nuario de Estadísticas Culturales*

4.5.4.

distribuído" presentan un incremento do 27,3% (9,5 millóns de euros máis). En 2017, o gasto en bens e servizos culturais ascendeu a 28,2 millóns de euros fronte aos 44,4 millóns nas actividades "interdisciplinar e non distribuído" (38,8% e 61% do gasto total, respectivamente).

• Gasto e consumo cultural nos fogares

No ano 2017 ráchase a tendencia positiva iniciada en 2015 ao reducirse, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o gasto destinado a consumo de bens e servizos culturais por parte das familias. Como reflicte o **cadro 4.5.4.**, tras unha caída do 6,6% respecto ao ano anterior, nove décimas superior á contracción experimentada no conxunto do Estado, a poboación galega gastou 650,8 millóns de euros en cultura, o que representa o 4,9% do gasto total en España. Asemade, hai que sinalar que nese ano 2017 o índice de prezos ao consumo correspondente ao ocio e a cultura aumenta en Galicia un 1,7% respecto ao ano anterior, catro décimas menos que no conxunto do Estado (en 2018 descende un 0,3% en Galicia e un 0,2% en España).

Ao igual que acontece nas diferentes Comunidades Autónomas, o principal destino deste gasto corresponde á telefonía móbil e servizos relacionados con internet, que concentra 40,3% do gasto galego en bens e servizos culturais, 3,6 puntos porcentuais por riba da media estatal, seguido polo gasto en compra de equipos e accesorios de tratamento de información, que representa o 26,8% (23,9% en España). Analizando a evolución dos diferentes gastos respecto ao ano anterior, os catros grupos de gasto presentan unha caída do mesmo, salientando o descenso do 12,2% no caso dos libres e publicacións periódicas (18,2 millóns de euros menos) e do 6,9% no que se refire á telefonía móbil e servizos relacionados con internet (19,3 millóns menos).

En termos relativos, Galicia presenta novamente peores datos que a media estatal. Dunha banda, o peso relativo do gasto cultural no gasto total en bens e servizos descende en Galicia ata o 2,2% en 2017, tres décimas menos que no conxunto do Estado, situándose como a segunda Comunidade coa menor rateo por diante do País Vasco (2,1%). Por outra banda, o gasto medio por fogar en cultura situouse nese último ano 597,20 euros, máis de 121 euros por baixo da media estatal, manténdose como a segunda Comunidade Autónoma con menor gasto medio tras Estremadura (561 euros en 2017). En termos de gasto por persoa, o gasto medio descende ata os 242,30 euros (288,60 euros en España), situándose como a terceira Comunidade Autónoma con menor gasto tras Estremadura e Castela-A Mancha (226,10 euros e 240,1 euros, respectivamente).

• Propiedade intelectual

A propiedade intelectual defínese como o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. A información dispoñible sobre os dereitos de propiedade intelectual deriva das Entidades de Xestión así como da explotación estatística do Rexistro xeral da propiedade intelectual.

Dereitos de propiedade intelectual 2016-17 (1)

	2016	2017
Obras literarias e científicas		
Galicia	1.111	1.161
España	20.749	21.793
Obras musicais, cinematograficas e audiovisuais		
Galicia	203	261
España	4.294	4.567
Obras artísticas e técnicas		
Galicia	170	125
España	1.560	1.649
Outras		
Galicia	50	47
España	883	721
Total		
Galicia	1.534	1.594
España	27.486	28.730

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.5.

Tanto en Galicia como no conxunto do Estado, no conxunto do ano 2017 increméntase, a diferenza do acontecido no ano anterior, o número de primeiras inscricións de dereitos de propiedade industrial realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual. No último ano considerado realizáronse un total de 1.594 inscricións, 60 máis que no ano anterior, descendendo o seu peso relativo no total estatal ata o 5,5% (5,6% no ano anterior).

Como se desprende dos datos recollidos no **cadro 4.5.5.**, o incremento interanual do 3,9% rexistrado no conxunto dos dereitos de propiedade ven motivado tanto pola medra do 4,5% experimentado no caso das obras literarias e científicas (4,5% máis respecto ao rexistrado no ano anterior) como polo incremento nun 28,6% no caso das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais. No extremo oposto redúcense as primeiras inscricións no rexistro no caso das obras artísticas e técnicas nun 26,5%.

O 72,8% do total das inscricións rexistradas en Galicia corresponderon a obras literarias e científicas, seguidas das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 16,4%, e as obras artísticas e técnicas, cun 7,8%.

• Turismo cultural

Os datos dos que se dispón para analizar a evolución do turismo cultural son os proporcionados polo INE que se refiren, exclusivamente, a residentes nacionais. Mentres que 2018 presenta un novo incremento experimentado polo número de viaxes totais realizados polos residentes da nosa Comunidade (0,8% respecto ao ano anterior), o último ano caracterízase, a diferenza do acontecido no ano anterior, por un significativo incremento das viaxes realizadas por motivos culturais (19,1%). O número de viaxes rexistradas como turismo por motivo cultural superou no ano 2018 as 645.000, o que representa o 6,5% do total de viaxes realizadas polos galegos nese ano, un punto máis que o rexistrado no ano anterior. Con todo, cómpre resaltar que este peso relativo sitúase por baixo do estimado para o conxunto do Estado (7,4%).

Como se aprecia no **cadro 5.5.6.**, a duración media das viaxes realizadas por motivos culturais por parte de residentes en España aumenta en Galicia ata os 3,91 días, sendo esta duración superior á estimada para o conxunto das viaxes realizadas (3,28 días). No conxunto do Estado, a duración media é superior á galega tanto no

Viaxes por motivos culturais de residentes 2017-18

	2017		2018	
	Galicia	España	Galicia	España
Viaxes totais	9.834.000	193.689.289	9.917.101	197.482.758
Ocio, recreo e vacacións	3.905.428	98.093.815	4.178.373	100.714.182
Turismo cultural	541.873	12.531.656	645.252	14.631.062
Pernoctacións totais	32.655.126	801.948.843	32.527.338	801.855.633
Ocio, recreo e vacacións	14.165.345	440.582.303	15.718.101	438.977.047
Turismo cultural	1.892.159	56.325.131	2.524.844	64.070.830
Duración media das viaxes (días)	3,32	4,14	3,28	4,06
Ocio, recreo e vacacións	3,63	4,49	3,76	4,36
Turismo cultural	3,49	4,49	3,91	4,38

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5.6.

Gasto nas viaxes por motivos culturais 2017-18

		Residentes en Galicia					
		Viaxes por destino			Turismo cultural		
		Total	Estranxeiro	Galicia	Total	Estranxeiro	Galicia
Gasto total							
2017	*(en miles de euros)*	1.981.884,1	647.342,5	583.149,7	235.574,1	163.639,2	15.808,6
2018		2.048.772,2	674.297,0	551.084,7	284.308,5	187.479,4	14.131,4
Gasto medio por persona							
2017	*(en euros)*	201,53	706,66	84,01	434,74	678,98	129,17
2018		206,59	733,09	81,71	440,62	619,51	135,60

		Residentes nacionais					
		Viaxes por destino			Turismo cultural		
		Total	Estranxeiro	Galicia	Total	Estranxeiro	Galicia
Gasto total							
2017	*(en miles de euros)*	44.232.732,1	14.275.284,9	1.831.734,0	6.747.728,7	4.372.240,4	208.845,2
2018		47.087.934,8	16.107.584,7	1.735.326,8	7.726.349,4	5.042.330,8	186.978,0
Gasto medio por persona							
2017	*(en euros)*	228,37	825,66	178,05	538,45	915,96	388,81
2018		238,44	830,19	171,39	528,08	893,49	373,14

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5.7.

caso do turismo cultural (4,38 días) como para o total das viaxes realizadas por turistas nacionais (4,06 días).

O gasto medio por persoa dos residentes en Galicia cando realiza viaxes por motivos culturais ascende lixeiramente en 2018, ao situarse nos 440,62 euros por persoa, en torno a seis euros máis que no ano anterior, en tanto que o gasto diario descende ata os 112,60 euros cando no ano anterior ascendía a 124,50 euros. Atendendo ao seu destino, cómpre resaltar que o gasto diario dos galegos cando viaxan ao estranxeiro descende ata os 135,57 euros, dez euros menos que no ano anterior aproximadamente, fronte aos 84,79 euros se o destino é o conxunto do Estado (93,56 euros en 2017). Se se considera o gasto realizado nas súas viaxes no interior de Galicia, o descenso é máis acusado, situándose en 63,70 euros, case 18 euros menos que no ano anterior.

Xunto ao gasto dos galegos en Galicia, ao longo do ano 2018 as persoas residentes no conxunto do Estado realizaron un gasto medio e un gasto por persoa sensiblemente superior ao realizado polos galegos. Dunha banda, o gasto medio en viaxes culturais descende ata os 528,08 euros por persoa, dez euros menos que no ano anterior, aumentando por contra o seu gasto diario

Bens mobles e inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2016-17

	2016		2017	
	Galicia	España	Galicia	España
Bens Interese Cultural (BIC)	6.370	39.564	6.379	40.517
Bens inmobles	769	17.450	776	17.579
Monumento	631	13.681	636	13.745
Xardín Histórico	6	91	6	93
Conxunto histórico	50	970	50	970
Sitio histórico	68	479	69	514
Zona arqueolóxica	14	2.229	15	2.257
Bens mobles	5.601	22.114	5.603	22.938

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, A*nuario de Estadísticas Culturales*

4.5.8.

ata os 120,59 euros (119,80 no ano 2017). Se se considera tan só o seu gasto na Comunidade Autónoma galega, o gasto medio diario sitúase en 80,67 euros, case dous euros menos que no ano anterior (82,47 euros).

Dominios culturais

Dentro dos chamados dominios culturais, analízanse os bens de interese cultural, a actividade da edición de libros e publicacións periódicas, as artes escénicas e musicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos, como magnitudes sectoriais concretas dos dominios culturais.

• Bens de interese cultural

Tal como se establece na Lei de patrimonio cultural de Galicia, forman parte do patrimonio cultural de Galicia todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles. Os bens inmobles poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica.

O Anuario de Estadísticas Culturales do Ministerio de Cultura y Deporte reflicte que no ano 2017, último dato dispoñible, o conxunto de bens inmobles inscritos no como Bens de Interese Cultural (BIC) ascendeu en Galicia a 776, sete máis que no ano anterior, dos que 662 son BIC declarados e 84 corresponden a procedementos de declaración incoados. Como se amosa no **cadro 4.5.8.**, a súa meirande parte corresponden coa categoría de monumentos, con 636, o 82% do total, seguidos dos sitios históricos, que representan o 8,9% (68); os conxuntos históricos, con 69 (6,4%); as zonas arqueolóxicas, con 50 (1,8%); e os xardíns históricos, cos 6 restantes (0,8%).

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2017 ascendeu a 5.603, dous máis que no ano a anterior, o que representa o 24,4% do total estatal. Deste total, tan só 907 (o 16,8%) corresponden a BIC declarados e os restantes 4.696 bens culturais a BIC incoados (o restante 83,8%). Estas porcentaxes difiren das rexistradas no conxunto do Estado, onde o 66,4% corresponden a BIC declarados e do 33,6% no dos procedementos incoados).

Ao longo do ano 2018 declaráronse catro novos bens de interese cultural: a Ribeira Sacra e o arquipélago de Sálvora na categoría de paisaxe cultural; o campamento romano e mansio viaria de Aquis Querquennis (concello de Bande-Ourense) na categoría de zona arqueolóxica; e o pazo de San Isidro (concello de Mondoñedo-Lugo) na de monumento.

Ao mesmo tempo, no último ano incoáronse sete pro-

Tirada e difusión da prensa diaria 2017-18 (1)

Medio	2017		2018	
	Promedio tirada	Promedio difusión	Promedio tirada	Promedio difusión
Atlántico Diario	3.571	2.700	3.520	2.704
Diario de Pontevedra	5.440	4.668	5.360	4.591
Faro de Vigo	30.926	26.542	28.521	24.599
La Opinión A Coruña	5.561	4.095	5.216	3.899
El Progreso Lugo	14.060	11.825	13.709	11.372
La Voz de Galicia	76.034	66.902	72.666	64.070

(1) cabeceiras controladas pola OJD entre xullo 2017 e xuño 2018
Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

4.5.9.

cedementos para declarar bens de interese cultural: o denominado castro de Santa María de Cervantes (provincia de Lugo); o arquivo Fotográfico Vidal; a zona arqueolóxica de Castromao en Celanova (provincia de Ourense); a Terraza de Sada (provincia da Coruña) na categoría de monumento; e o Parque do Pasatempo de Betanzos (provincia da Coruña) na categoría de xardín histórico. Xunto a estes, incóase o expediente para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o baile tradicional galego.

Por último, cómpre facer referencia ao acordo para a inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia das carpintarías de Ribeira denominadas de Carlagho e Casqueiro do termo municipal de Moaña, como lugar de valor etnolóxico.

• Libro e publicacións periódicas

Os datos do Ministerio de Cultura e Deporte indican que en 2017 (último dato dispoñible), e a diferenza do acontecido no ano anterior, descende o número de libros inscritos no International Standar Book Number (ISBN) en Galicia. Neste último ano inscribíronse en Galicia un total de 2.172 libros, a cifra máis reducida dos últimos cinco anos. En relación co resto das CC.AA., Galicia mantense no sexto lugar en canto ao número de libros inscritos no ISBN, acollendo o 2,4% do total estatal, catro décimas menos que no ano anterior.

O devandito descenso en Galicia prodúcese tanto no caso dos libros en soporte papel, que tras unha caída de 41 libros acada os 1.797 libros inscritos (o 82,7% dos libros inscritos en Galicia en ISBN) como nos inscritos noutros soportes, onde o descenso foi de 175 inscricións (inscribíronse un total de 375 libros). No conxunto do Estado, aumentan as inscricións en ambos os dous casos, representando as de soporte en papel o 68,4% das inscricións e o 31,6% restante, as realizadas noutros soportes.

Con todo, cómpre resaltar o lixeiro incremento do número de libros publicados en galego experimentado no ano 2017, fronte ao novo descenso das traducións realizadas ao idioma galego. Dunha banda, neste último ano publicáronse un total de 1.288 libros en lingua galega, 77 máis que no ano anterior; e doutra banda, traducíronse 42 libros á lingua galega, doce menos que no ano anterior.

Tal como se observa no **cadro 4.5.9.**, os datos da Oficina de Justificación de la Difusión (OJD) amosan que os principais xornais galegos con cabeceiras controladas pola OJD continúan reducindo a súa tirada media en relación ao período anterior. Entre xullo de 2017 e xuño de 2018, a tirada media está en torno aos 21.499 exemplares (22.599 no mesmo período do ano anterior), cun promedio de difusión de 18.539 exemplares (19.455 no período anterior). O diario con maior tirada en Galicia no devandito período é *La Voz de Galicia*, que acada de promedio 72.666 exemplares diarios e a súa difusión chega ata os 64.070 exemplares. O segundo diario galego en importancia é o *Faro de Vigo*, cunha tirada de 28.521 exemplares e unha difusión de 24.599 exemplares

Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2016-17

	2016		2017	
	Galicia	España	Galicia	España
Obras musicais				
Editores	2	45	4	62
Obras inscritas (1)	6	1.243	6	1.194
en galego	6		6	
Espazos escénicos				
Número	91	1.630	92	1.656
Espazos/100.000 habitantes	3,3	3,3	3,4	3,6
Salas concertos				
Salas	31	541	31	539
Salas/100.000 habitantes	1,1	1,2	1,1	1,2
Compañías				
Teatro	229	3.743	236	3.966
Danza	88	1.001	81	833
Festivais				
Teatro	53	764	56	803
Danza	19	338	21	354

(1) Inscritas en el ISMN

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.10.

• Artes escénicas e musicais

Os **cadros 4.5.10.** e **4.5.11.** mostran os principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. Dunha banda, o número de editores e de obras musicais inscritas no International Standar Music Number (ISMN) aumenta no último ano ata os catro editores, manténdose o número de obras inscritas en galego (seis). Doutra banda, aumenta lixeiramente a rateo de número de espazos escénicos por cada 100.000 habitantes en tanto que se mantén a devandita rateo no caso das salas de concertos (3,4 espazos escénicos e 1,1 salas por cada 100.000 habitantes). Asemade, no conxunto do ano 2017 aumenta tanto o número de compañías de teatro como de festivais, en tanto que no caso da danza, a pesar do descenso do número de compañías aumenta o de festivais.

No que ao número de representacións se refire, **cadro 4.5.11.**, o lixeiro incremento experimentado no último ano (45 representacións máis) prodúcese fundamentalmente pola evolución dos concertos de música clásica e das obras teatrais (32 e 18 representacións máis), o que contrasta coa caída experimentada nas representacións de música popular (16 menos). No caso do número de espectadores, o incremento prodúcese nas diferentes artes escénicas agás no caso da danza, destacando en maior medida o crecemento dos espectadores nos concertos de música popular (en torno ás 17.000 persoas máis).

Tras este comportamento, a recadación aumenta en Galicia un 4,1% respecto ao ano anterior (3% de media no conxunto do Estado), para situarse os 11,5 millóns de euros. A maior recadación prodúcese nos concertos de música popular, con 5,6 millóns de euros, o 48,8% da recadación total, por diante da obtida no caso das obras teatrais, con 4,3 millóns de euros, o 37,7% do total. Estas porcentaxes difiren das correspondentes ao total estatal, onde supoñen o 36,1% e 46,9%, respectivamente.

O peso das representacións e espectadores galegos sobre o total estatal mantense lixeiramente por riba do 4%, situándose a importancia relativa da recadación nas artes escénicas no 2,7% do total estatal.

Así mesmo, o gasto medio por espectador en Galicia mantense por baixo da media española nas diferentes artes escénicas. Especialmente significativo é o diferencial rexistrado nas representacións do xénero lírico, con 10,3 euros fronte aos 30,8 euros en España, ou nas obras teatrais, con 10,4 euros, fronte a 16,8 euros de media en España. No caso da danza e dos concertos de

Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2016-17

		2016		2017	
		Galicia	España	Galicia	España
Representacións		6.348	152.809	6.383	153.078
obras teatrais		1.554	46.430	1.572	46.485
xénero lírico		20	1.121	22	1.200
danza		61	2.027	60	2.049
concertos música clásica		1.154	14.972	1.186	15.420
concertos música popular		3.559	88.259	3.543	87.924
Espectadores		1.568	38.333	1.599	39.522
obras teatrais		405	12.007	412	12.046
xénero lírico	(en miles)	13	666	14	704
danza		29	853	28	873
concertos música clásica		264	4.680	271	4.972
concertos música popular		857	20.127	874	20.927
Recadación		11.050	418.483	11.505	431.041
obras teatrais		4.206	200.949	4.280	202.301
xénero lírico	(en miles de euros)	132	20.526	145	21.646
danza		161	8.221	158	8.394
concertos música clásica		1.203	39.604	1.305	42.913
concertos música popular		5.348	149.183	5.617	155.787
Gasto medio espectador					
obras teatrais		10,4	16,7	10,4	16,8
xénero lírico	(euros)	10,3	30,8	10,3	30,8
danza		5,6	9,6	5,6	9,6
concertos música clásica		4,6	8,5	4,8	8,6
concertos música popular		6,2	7,4	6,4	7,4

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.11.

música clásica, o diferencial sitúase en torno aos 4 euros.

• Medios audiovisuais e interactivos: cine, TV, radio

Finalmente, neste último apartado faise referencia tanto aos principais indicadores da actividade cinematográfica e de vídeo (produción, exhibición, infraestrutura, recadación...) como ao consumo de televisión e radio.


No ano 2017 seguen a estar rexistradas en Galicia un total de 12 empresas produtoras de cine, o que representa o 3,6% do total estatal (6,7% no ano 2013), 43 cines e 185 salas de exhibición (5,8% e 5,1% do total, respectivamente). En termos relativos, Galicia conta con 6,8 salas por cada 100.000 habitantes, lonxe da media estatal que se sitúa en 7,8 salas.

Tal como se observa no **gráfico 4.5.12.**, no ano 2017 redúcese o número de espectadores no cine, asistindo en Galicia un total de 4 millóns de persoas, un 4,8% menos que no ano anterior (-2% en España). Os datos de asistencia media por habitante reflicten que as persoas galegas son das que menos van ao cine en España, con 1,5 asistencias por habitante e ano (2,1 de media en España), situándose tan só por diante de Ceuta e Melilla, Estremadura e Castela–A Mancha.

A devandita caída do número de espectadores prodúcese tan só no caso das películas españolas, que teñen 0,6 millóns de espectadores (0,8 millóns no ano anterior), manténdose estable o número de espectadores que asisten a películas estranxeiras (3,4 millóns de persoas). Por contra, no conxunto do Estado esta redución prodúcese tanto no caso das películas estranxeiras como españolas.

Tendo en conta a caída do número de cines en Galicia, no ano 2017 (último dato dispoñible) ráchase coa tendencia alcista da súa recadación iniciada en 2014, acadando os 23,8 millóns de euros, medio millón menos que no ano anterior, o que representa o 4% do total estatal. Ao igual que nos dous últimos anos, **gráfico 4.5.14.**, esta redución prodúcese polo descenso da recadación das longametraxes de orixe española, o que

Espectadores no cine en Galicia e España 2007-17 (1): distribución segundo nacionalidade do film




(1) en millóns de persoas

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.12.


Cines e salas de exhibición en Galicia e España 2007-17



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.13.

Recadación dos cines 2007-17: distribución segundo nacionalidade do film



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.14.

Ranking de emisoras de radio xeralista no EGM 2017-18 (1)

	2017		2018	
	oíntes / día *(en miles)*	share *(%)*	oíntes / día *(en miles)*	share *(%)*
Ser	4.078	32,7	3.917	30,6
COPE	2.642	21,5	2.626	22,3
Onda Cero	1.786	12,4	1.744	13,0
RNE	1.351	9,6	1.325	9,8
Rac 1	786	7,1	821	7,5
Catalunya Radio	632	4,2	618	4,2
EsRadio	345	2,7	395	3,1
Canal Sur Radio	266	1,9	242	1,7
Radio Euskadi	149	1,0	149	1,1
Radio Galega	138	0,9	133	1,0
Euskadi Irratia	107	0,8	102	0,6
Radio Voz	64	0,5		
Total oíntes	11.115		11.000	

(1) febreiro-novembro
Fonte:AIMC, *Estudio general de medios*

4.5.15.

contrasta co incremento experimentado no caso das películas estranxeiras.

Tendo en conta os datos anteriores, o gasto medio por espectador é similar á do conxunto do España, situándose no último ano en 5,9 euros. Se se ten en conta o gasto por habitante, Galicia presenta un gasto de 8,8 euros, o que supón case catro euros menos que a media do Estado. Deste gasto por habitante, 7,4 euros corresponden ás películas estranxeiras e os 1,4 restantes ás españolas, situándose en ambos os dous casos por baixo do gasto en España (10,5 e 2,2 euros per cápita, respectivamente).

Por último, en relación ao consumo de televisión, radio e internet, Galicia presenta en 2018 un consumo promedio diario de radio de 97 minutos, dous menos que a media estatal, aumentando o mesmo ata os 124 minutos no caso de internet e os 197 minutos no que á televisión se refire (140 e 201 minutos, respectivamente, no conxunto do Estado).

Segundo o ranking de emisoras de radio xeneralistas do Estudio General de Medios (EGM), a Radio Galega presenta no período comprendido entre febreiro e novembro do ano 2018 un descenso do número de oíntes por día do 3,6% en relación ao mesmo período do ano anterior, acadando os 133.000 oíntes por día (5.000 menos que en 2017), o que significa un share do 1% fronte ao 0,9% do ano anterior (**cadro 4.5.15.**).

No que respecta ás cadeas de televisión, a TVG presenta un *share* do 14,6% en Galicia, cifra lixeiramente inferior á rexistrada no ano anterior, que se situaba no 15,1%. Comparado co resto das televisións autonómicas, hai que sinalar que esta porcentaxe non só é inferior á rexistrada pola ETB-2 e TV3, que superan o 18%, e Canal Sur, cun 15,6%, senón que tamén as devanditas tres canles presentan unha medra respecto á audiencia do ano anterior. ❑